




A Gobernanza na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal



Enrique José Varela Álvarez
Argimiro Rojo Salgado
José Alberto Río Fernandes
Teresa Sa Marques

**A Gobernanza
na Eurorrexión
Galicia-Norte de Portugal**

**A Governança
na Euro-região
Galiza-Norte de Portugal**



Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular
2006

EDICIÓN

Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.

COLECCIÓN

TEXTOS PARA O DEBATE

ISBN: 84-690-3503-7

Deposito legal: VG-1197/2006

Imprime: Graficas Planeta, S.L.

© 2006 Copyright Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, Argimiro Rojo Salgado, Enrique José Varela Álvarez, José Alberto Río Fernandes, Teresa Sa Marques.

COMISIÓN EXECUTIVA / COMISSÃO EXECUTIVA

JOSÉ SÁNCHEZ BUGALLO

Presidente / Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANTONIO MAGALHÃES

Vicepresidente / Pdte. da Câmara Municipal de Guimarães

CORINA PORRO

Vocal / Alcaldesa de Vigo

RUI RIO

Vogal / Pdte. Câmara Municipal do Porto

JOÃO BAPTISTA GONÇALVES

Vogal / Pdte. Câmara Municipal de Chaves

JOAQUÍN GAGO LÓPEZ

Vocal / Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LÓPEZ

Vocal / Alcalde de Pontevedra

DEFENSOR OLIVEIRA MOURA

Vogal / Pdte. Câmara Municipal de Viana do Castelo

SERVIZOS TÉCNICOS – SERVIÇOS TÉCNICOS

XOAN MAO

Secretario Xeral / Secretario geral

AMAYA GARCÍA

Coordinadora – Galicia (España)

CLAUDIA ANTUNES

Coordinadora – Região Norte (Portugal)

MARÍA JOSÉ GONZÁLEZ

Administración

CLAUDIA RANGEL

Técnica

Calle Bolivia, 4
36203 VIGO
Tel. 0034 986 480 616
Fax. 0034 482 022

Av. Inferior à Ponte
D. Luís 1, 55
5050 – 074 PORTO
Tel. 00351 222 019 937/8
Fax. 00351 222 019 939

EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR

:: AGOBERNANZANA EUORREXIÓN GALICIA - NORTE DE PORTUGAL :: AGOBERNANZANA EURO-REGIÃO GALIZA - NORTE DE PORTUGAL ::



PRESENTACIÓN / APRESENTAÇÃO	7
NOTAS METODOLÓXICAS / NOTAS METODOLÓGICAS	11
ENCADRAMENTO CONCEPTUAL DA GOBERNANZA NO CONTEXTO EUROPEO E TRANSFRONTEIRIZO	27
A GOVERNANÇA EM PORTUGAL E ESPANHA	63
A COMUNIDADE DE TRABALLO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL E A GOBERNANZA	115
O CASO DO EIXO ATLÂNTICO. UMA REDE DE 18 CIDADES NO NORTE DE PORTUGAL E GALIZA	163
EPÍLOGO. CONDUCIRÁ A COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA Á ABOLICIÓN DE FRONTEIRAS E Á REFUNDACIÓN DE EUROPA?. UNHA LECTURA DENDE GALICIA-NORTE PORTUGAL / A COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIÇA PODERÁ CONDUZIR À ABOLIÇÃO DE FRONTEIRAS E À REFUNDAÇÃO DA EUROPA?. UMA LEITURA BASEADA NO CASO GALIZA-NORTE PORTUGAL	181
BIBLIOGRAFÍA	201
BREVE CURRICULUM VITAE DOS AUTORES	211

EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR

:: AGOBERNANZANA EUORREXIÓN GALICIA - NORTE DE PORTUGAL :: AGOBERNANZANA EURO-REGIÃO GALIZA - NORTE DE PORTUGAL ::



PRESENTACIÓN

Argimiro Rojo Salgado
 Enrique José Varela Alvarez
 José Alberto Rio Fernandes
 Teresa Sá Marques

■ Analizar a gobernanza na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, é aplicar un marco de estudo e de investigación novidoso a unha tamén nova e emerxente realidade administrativa (e se cadra no futuro, política). Pero a este desafío hai que engadirle unha variable igualmente salientable que aparecerá reflectida no texto ao longo dos seus diferentes apartados: a necesaria visión multidisciplinar que demanda o paradigma da gobernanza. No noso caso asumimos o compromiso de aportar algunha luz ao problema da gobernanza eurorrexional dende a Ciencia Política e da Administración e dende a Xeografía e a Ordenación do Territorio. En consecuencia, é por iso que o reto que se nos plantexa aos profesores das Universidades de Vigo e Porto implica unha tripla vertente en torno a estes tres elementos: paradigma científico, multidiscipliniedade e realidades político-administrativas en España-Galicia e Portugal-Norte de Portugal.

Conscientes pois destas limitacións epistemolóxicas pretendemos chegar a algún tipo de conclusións da orde de qué é a gobernanza, cales son os seus marcos teóricos e cómo se podería aplicar metodoloxicamente á Eurorrexión

Galicia-Norte de Portugal. Para iso desenvolverase o correspondente encadramento conceptual do paradigma da gobernanza, destacando as súas posibilidades e limitacións conceptuais e metodolóxicas nas eurorrexións, considerando os avances ocorridos no ámbito da Unión Europea; a seguir amosarase un plano breve da situación da gobernanza en España e Portugal; para, a continuación, amosar este marco de gobernanza aplicado a Galicia e a Região Norte de Portugal, salientando algunhas das experiencias máis significativas e relevantes (sobre todo no contexto eurorrexional) nas institucións encargadas da dirección e da xestión da cooperación transfronteiriza, como é o caso da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (que será especialmente abordado como modelo singular no ámbito da Eurorexión e incluso da Península); finalmente, e tras presentar algunhas liñas de traballo en materia de gobernanza eurorrexional en Galicia e a Região Norte de Portugal, atrevémonos a facer algo de prospectiva, apuntando tendencias de futuro e posibles efectos e impactos da dinámica transfronteiriza, tanto en relación á institución estatal como ao futuro mapa político europeo.

Esperamos acadar os obxectivos expostos, mais sobre todo desexamos amosar unha liña de traballo innovadora que entendemos potencialmente necesaria para a consolidación da cooperación transfronteiriza na Europa das Rexións e das Cidades, que no caso da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal se constrúe sobre unha longa Historia máis rica en encontros que en desencontros, nunha inequívoca continuidade xeográfica, nas paisaxes e poboamentos que reflicte a enorme proximidade cultural, na lingua e tradicións, tanto como noutras dimensións da sociedade, así como a oportunidade política, sexa no marco da Unión Europea, sexa no marco peninsular e ibérico, sexa, en fin, no do bo entendemento intrarrexional (Galicia e Norte de Portugal) e interurbano (Eixo Atlántico). ●

Vigo e Porto, 30 de outubro de 2006

APRESENTAÇÃO

José Alberto Rio Fernandes

Teresa Sá Marques

Argimiro Rojo Salgado

Enrique José Varela Alvarez

■ Analisar a governança na Euroregião Galiza-Norte de Portugal, é aplicar uma nova referência de estudo e investigação a uma também nova e emergente realidade administrativa (e não se sabe se no futuro, política). A este desafio há que associar uma outra variável igualmente salientável que aparecerá reflectida no texto ao longo dos seus diferentes capítulos: a necessária visão multidisciplinar a que obriga o paradigma da governança. No nosso caso, assumimos o compromisso de fazer alguma luz sobre o problema da governança eurorregional desde a Ciência Política e da Administração e desde a Geografia e o Ordenamento do Território. Em consequência, o repto que é colocado a nós, professores das Universidades de Vigo e Porto, implica uma tripla vertente em torno a estes três elementos: paradigma científico, multidisciplinidade e realidades político-administrativas em Espanha-Galiza e Portugal-Norte de Portugal.

Conscientes das limitações epistemológicas, pretendemos chegar a algum tipo de conclusões sobre o que é a governança, quais as suas referências teóricas e como se poderão aplicar metodologicamente à Euroregião Galiza-

Norte de Portugal. Para tanto, realizou-se o enquadramento conceptual do paradigma da governança, salientando as suas possibilidades e limitações conceptuais e metodológicas nas eurorregiões, considerando os avanços ocorridos no âmbito da União Europeia; de seguida traça-se um plano breve da situação da governança em Portugal e Espanha; para, na continuação, tratar a governança Região Norte de Portugal e na Galiza, salientando algumas das experiências mais significativas (sobretudo no contexto eurorregional) nas instituições encarregadas da direcção e da gestão da cooperação transfronteiriça, como é o caso da Comunidade de Trabalho Galiza-Norte de Portugal e do Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular (que será especialmente abordado como caso singular no âmbito da Eurorregião e inclusivamente da Península); finalmente, e depois de apresentar algumas linhas de trabalho em matéria de governança no Norte de Portugal e na Galiza, atrevemo-nos a entrar na prospectiva, apontando tendências de futuro e possíveis efeitos e impactos da dinâmica transfronteiriça, tanto em relação à instituição estatal como ao futuro mapa político europeu.

Esperamos ter atingido os objectivos expostos, mas, sobretudo, desejamos abordar um novo paradigma que entendemos encerrar grandes potencialidades para a consolidação da cooperação transfronteiriça na Europa das Regiões e das Cidades, especialmente no caso da Eurorregião Galiza-Norte de Portugal, onde esta se constrói sobre uma longa história, mais rica em encontros que em desencontros, numa inequívoca continuidade geográfica, das paisagens e povoamentos que reflecte a proximidade cultural, na língua e tradições, tanto como noutras dimensões da sociedade, e quando existe uma clara oportunidade política, seja no quadro da União Europeia, seja no peninsular e ibérico, seja, enfim, no do bom entendimento inter/intra-regional (Galiza e Norte de Portugal) e interurbano (Eixo Atlântico). ●

Porto e Vigo a 30 de Outubro do 2006

NOTAS METODOLÓXICAS

■ Partindo da base de que o contexto da globalización e a súa adaptación a España e Portugal sitúase nun modelo de análise completamente novo (gobernanza), e considerando que a situación actual de Europa abre novos horizontes ao panorama das formas de democracia e de gobernación tradicionais (de novo gobernanza), desexamos orientar a nosa análise cara ao interior dos Estados-nación, cara as rexións, os *mezogobernos* ou colectividade subnacionais (engadiriamos nelas ás cidades), dende enfoques do territorial e institucional baseados nos modelos de goberno de redes, así como nalgúns dos seus instrumentos de acción tales como a cooperación transfronteiriza.

No noso caso, como galegos e portugueses do Norte (coma *gallaecos* dirían os romanos hai máis de dous mil anos), a realidade énos moi achegada, moi próxima, viva e dinámica. Esa cooperación transfronteiriza (non con ese nome) era tal antes incluso da construción europea. Polo tanto, e dado que o marco ten un gran pouso histórico, unicamente deberemos acertar no obxecto de estudo, nas súas variables e no método que temos que seguir para non perder un só detalle sobre a nova organización territorial e os modelos de goberno; cando menos para non deixar escapar unha soa variable que poida ser estudada no futuro desta relativamente nova realidade eurorrexional galaico-portuguesa que se deu en chamar Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Porén, existen algunhas precaucións que teremos que asumir antes de entrarmos no cerne da descrición e da análise, falamos do paradigma e os conceptos que pretendemos aplicar á Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e, neste espazo rexional do sudoeste europeo, ao caso do Eixo Atlántico. Porque se do que se trata é de empregar a gobernanza con todos os seus recursos conceptuais e metodolóxicos estamos diante dun problema de relativa solución: ata a data a aplicación deste marco científico ás eurorexións non se produciu (polo menos que nós o coñezamos). Amén do problema da novidade (quizais aquí radique parte do seu interese), destacamos tamén a dificultade na súa conceptualización e operativización, isto é, da súa aplicación como método científico debido á escasa consistencia empírica que teñen os estudos sobre gobernanza.

Por todo iso, se o noso interese pasa por analizar un territorio no que conflúen dúas realidades político-administrativas diferentes (Galicia e a Região Norte de Portugal), destacando os riscos de gobernanza existentes na Eurorexión, podendo ademais chegar a caracterizar unha sorte de gobernanza eurorexional, deberemos ser sumamente prudentes cos límites do paradigma (se é que chega a selo) e os condicionantes propios do contexto territorial, político-administrativo e institucional que o abrangue.

Asumindo o exceso de pluralismo, a dificultade na definición do concepto, a súa inconcreción metodolóxica e complicación en medición, somos conscientes da necesidade de ofrecer un marco de análise o suficiente claro para este traballo; así partimos dos seguintes plantexamentos:

- A gobernanza en España e Portugal é definida de forma semellante por académicos e expertos en cuestións territoriais e politolóxicas, todos eles refuxiados debaixo do paraguas institucional da Unión Europea e o seu Libro Branco do 2001, e no marco das sucesivas accións que se realizaron para o seu seguimento, control, avaliación e melloramento. Autores españois como Argimiro Rojo (2005: 5-30), Morata (2004) ou Baena del Alcázar (2005) ou

portugueses como Valente de Oliveira (2001: 8-20), Carneiro (2003: 17-25) ou Fernández e Marques (2004), dan fe desta cohesión académica.

- Existen dificultades en medir o concepto e en que este sexa aplicado por igual a realidades territoriais, mesmo dentro dun mesmo país; ocórrenos a comparación no contexto de Cataluña e Galicia (España), e por que non, das Açores e Região Norte (Portugal), e non ollamos máis que atrancos á hora de dar sentido á máxima de gobernar sen goberno, con dous gobernos diferentes, territorios distintos, sociedades civís escasamente complementarias, economías e valores culturais, ás veces nas antípodas uns dos outros. Se isto é así, como non vai causar un problema á análise en dous territorios adscritos a dous Estados diferentes? como non vai influír a definición que se realice dun territorio –descentralización/centralización– á hora de incorporar a gobernanza?. Así en todo, estamos convencidos da aplicabilidade da gobernanza á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, xa que a entendemos como variable independente do territorio e do sistema político-administrativo e social¹, o realmente substantivo radicará na calidade da gobernanza eurorrexional, obtendo así unha avaliación que dea como resultado un grao ou medida axeitada de boa gobernanza (Bovaird and Löffler, 2003: 313–328).
- No tocante á indefinición metodolóxica hai que dicir que ao longo dos anos 90 foron impulsados proxectos políticos, máis tamén de investigación, que tentaron crear un método propio dende as Ciencias Sociais dedicado á análise e estudo da gobernanza no mundo e en realidades rexionais concretas como a Unión Europea (OCDE en 1995 e 2002; Unión Europea -2001-;

¹ Creemos que isto é así dada a aparición, en case todos os sistemas político-administrativos (democráticos enténdese), de principios e valores comúns, baseados na Carta de Dereitos e Deberes Fundamentais e que xiran en torno a conceptos como a lexitimidade, sistema de valores, regras, procesos, comportamentos, poder, institucións, administracións públicas, dirección da sociedade, políticas públicas, cidadáns, aspectos económicos, políticos e sociais, interaccións Estado-Sociedade Civil-Empresas.

Nacións Unidas e Eurostat -2004-; Banco Mundial -2005-; Network of Excellence Connex² e NewGov³ -ámbolos dous para o período 2004/2008-). En todos eles hai acertos dos que aprender á hora de construír unha metodoloxía correcta para a análise do problema, e de todos eles, igualmente, pódense extraer leccións para a súa aplicación á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. No noso caso decidímonos por unha experiencia netamente europea que non se centra especificamente na gobernanza pero que a contempla como unha necesaria variable de análise destinada á definición da correcta cohesión territorial transfronteiriza na Unión Europea (por ende político-administrativa, social, económica, etc.): o European Spatial Planning Observation Network (ESPON), financiado en parte pola Unión Europea dentro do Programa INTERREG III ESPON 2006 e orientado ás novas realidades eurorrexionais e transfronteirizas no contexto da ampliación.

- Finalmente, pero en estreita relación co punto anterior, debemos axuizar correctamente os indicadores, coñecedores, como somos, das escasas posibilidades de éxito neste tipo de modelos de medición en Ciencias Sociais. Algúns críticos como Kaufmann (2003) ou Barreda (2006: 1-3) revelaron as súas ca-

² Connex (Connecting Excellence on European Government) é un dos proxectos máis destacados postos en marcha pola Unión Europea en materia de gobernanza no marco do Sexto Programa-Marco Comunitario de Investigación e que dende o 2004 estase realizando por un período de catro anos (2004-2008). O interese de Connex céntrase nas bases de lexitimidade da gobernanza, concretamente na análise da eficiencia e da democracia no esquema multinivel comunitario, dende unha perspectiva multidisciplinar. O proxecto está coordinado polo Mannheim Centre for European Social Research (MZES) e del forman parte máis de 43 institucións de 23 países europeos.

³ NewGov é o outro gran proxecto de investigación coordinado polo European University Institute e o seu Robert Schuman Centre for Advanced Studies, vencellado directamente a Connex, e auspiciado polo mesmo Sexto Programa-Marco Comunitario de Investigación para o período 2004-2008. NewGov é a abreviatura de “Novos Modos de Governance”, dende onde se busca exactamente isto, analizar a transformación do concepto de governance e a súa adaptación á realidade político-administrativa comunitaria. NewGov está integrado por máis de 50 investigadores de 35 institucións de toda Europa (vid. www.eu-newgov.org).

rencias, “dende un punto de vista metodolóxico os indicadores de gobernabilidade existentes evidencian unha gran heteroxeneidade. Por mencionar algúns criterios de diferenciación: uns son cuantitativos e outros cualitativos; subxectivos e obxectivos; descritivos e prescritivos; agregados e non agregados. Esta disparidade teórica e metodolóxica plantexa, con frecuencia, dificultades á hora de comparar os indicadores existentes (por exemplo, poden medir as mesmas variables, pero ofrecendo valores moi distintos) e á hora de agregalos e construír índices. De feito, a pesar das tentativas realizadas, non se acadaron aínda un índice de gobernabilidade que sexa minimamente satisfactorio”; pero apuntaron algúns aspectos positivos para o seu traballo en contextos de gobernanza: “...serven para realizar un diagnóstico xeral da situación da gobernabilidade e a calidade institucional nun país, axudan a identificar cales son as principais capacidades e constriccións existentes nun país en materia de desenvolvemento institucional, contribúen a abordar empiricamente un tema clave na axenda do desenvolvemento: a relación entre institucións e desenvolvemento”.

Non se nos pode reprender a exposición dos límites da investigación, aínda que o facemos plenamente conscientes das enormes posibilidades que ofrece o paradigma da gobernanza e o seu bo perfil de análise para a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal. Sendo así optamos por seguir en parte as propostas realizadas no Programa ESPON xa que integra aspectos territoriais, económicos, demográficos, sociais e institucionais (de Goberno e Administración Pública) nos contextos eurorrexionais, cunha base clara na cooperación transfronteira⁴.

En si mesmo o ESPON é un bo expoñente da cooperación transfronteira e dos fondos que a Unión establece para o seu desenvolvemento xa que

⁴ Neste senso convén clarear que os textos sobre Portugal, España e o Eixo Atlántico que aparecen recollidos nos capítulos 2 e 4 do presente libro aproveitan a investigación realizada no ámbito do Proxecto 2.3.2. do Programa ESPON (European Spatial Planning Observatory Network), “Governance of territorial and urban policies from EU level to local level”.

se financia a través dun Programa INTERREG III ESPON 2006 orientado claramente ás novas realidades eurorrexionais e transfronteirizas, co obxectivo posto sobre análises do territorio comunitario, a súa ampliación e achega de datos de excelencia para apoiar a toma de decisións e a formulación de políticas públicas europeas. Como se destacaría no Informe de Seguemento do Programa ESPON en 2005: “In the INTERREG III Community Initiative, ‘territorial governance’ is seen as a form of coordination among the relevant institutions at different territorial levels and with a wide range of actors coming both from public and private sectors, as well as civil society (horizontal and vertical coordination). INTERREG projects contributed both to learning and awareness raising at the regional level in relation to territorial policy orientation and options defined at the European level, i.e. in the ESDP. As well in relation to the implementation of the re-launched Lisbon (and Gothenburg) Agenda, governance processes play a vital role in identifying and further exploiting local and regional development potentials. Therefore, governance processes provide a potential to improve the conditions for regional development creating a synergy from the application of European policies” (ESPON, 2005: 72).

A carga multidisciplinar (con base estatística) do Programa ESPON é evidente, non hai máis que observar o abano de variables establecidas para a súa análise na investigación: sustentabilidade demográfica, relacións urbanas e rurales-urbanas potenciais, accesibilidade ao transporte, desenvolvemento da innovación e a investigación, desastres naturais e as súas influencias sobre o cambio climático, enerxía e herdanza natural e cultural, impactos das políticas públicas comunitarias sobre o territorio, e gobernanza. Dito isto, débese subliñar que as variables relacionadas coas políticas públicas e os aspectos de goberno e administración, isto é as tocantes á gobernanza dende unha perspectiva politológica, quedan só esbozadas ao final do Programa. Con todo, con esta proposta de análise da gobernanza en entornos transfronteirizos ponse de relevo a necesidade de incorporar unha dobre visión máis *bottom-up* das políticas comunitarias

e a formulación-deseño dos seus fondos (especialmente INTERREG, URBAN, LEADER e EQUAL), en definitiva, de incorporar ao problema unha mirada local-rexional ademais doutras relacionadas coas redes públicas, as privadas e as sociais. Desta forma podemos concluír que a gobernanza suporía “a prerequisite for territorial cohesion as it can reconcile competitiveness and cohesion, and define a sustainable development path” (ESPON, 2005: 73).

Entre as dimensións de medición da gobernanza, o Programa ESPON propón a análise dos marcos institucionais (engadidas as estruturas de goberno) de cada un dos territorios transfronteirizos; ademais dos aspectos económicos en forma de clusters rexionais e de partenariados público-privados incluído o terceiro sector (seguindo a terminoloxía comunitaria á PPP), dentro deles poderíanse incluír os impactos da Sociedade da Información a modo de *e-government*; como non, a sociedade civil a través do capital social, a súa participación e os modelos de comunicación e información entre esta e as institucións públicas; finalmente, unha variable de gobernanza clave xiraría en torno á estrutura funcional urbana e os seus intercambios no contexto transfronteirizo. Como vemos as propostas de variables e indicadores de medida do programa ESPON non se alonxan demasiado dos realizados por outras institucións internacionais, entre elas as mencionadas do:

- Banco Mundial a través dos traballos de Kaufmann, Kraay e Mastruzzi (2005) desenvolven a Governance Matters IV que inclúe unha serie de variables coma voz e rendición de contas; estabilidade política e ausencia de violencia; efectividade gobernamental; calidade regulatoria; Estado de dereito; e control da corrupción.
- Nacións Unidas e Comisión Europea, isto é, o Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) e Eurostat, desenvolvendo o World Governance Assessment (WGA) con indicadores de sociedade civil; actores políticos; Executivo; burocracia; actores económicos; e poder xudicial.

- A propia Unión Europea, como evolución do seu Libro Branco de inicios do 2000 e dende o Mannheim Centre for European Social Research (MZES), o European University Institute e o Robert Schuman Centre for Advanced Studies traballan sobre o Connex e o NewGov e as súas variables: emerxencia, evolución e avaliación de novos modos de goberno; delegación, xerarquía e responsabilidade nos mesmos; efectividade, capacidade e lexitimidade; aprendizaxe, experiencias de gobernanza e reforma.

Nos tres casos asúmense como indicadores xerais e índices de medida da gobernanza aqueles que implican a análise das institucións de goberno multinivel (centrais, rexionais e locais), dos actores privados (sobre todo empresariais) e da sociedade civil (organizacións non gobernamentais e fundacións), por suposto as relacións entre eles, tanto verticais coma horizontais, e como non as experiencias e procesos de cambio, de partenariado, de transparencia e tratamento de contas, en definitiva, de gobernanza en acción ou de boa gobernanza.

Seguindo as consideracións realizadas nesta breve introducción metodolóxica, procedemos a enmarcar teoricamente a gobernanza e o espazo transfronteirizo obxecto do noso estudo; para posteriormente encadrar de forma intergubernamental e multinivel o escenario central (nacional) de España e Portugal no que se insertan os correspondentes niveis subcentrais (subnacionais), á sazón, a Comunidade Autónoma de Galicia e a Região Norte de Portugal, coas súas respectivas características; a continuación amosar a realidade dos actores transfronteirizos máis destacados, Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular; para finalmente establecer unha serie de conclusións a xeito de epílogo sobre a gobernanza e a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal. ●

NOTAS METODOLÓGICAS

■ Tomando por base o contexto da globalização e a sua adaptação a Portugal e Espanha, adoptando a governança por referência na análise e considerando que a situação europeia actual abre novos horizontes relativamente a formas de democracia e governo, orientamos a análise dos Estados-nação para as regiões, os *meszogovernos* ou colectividades subnacionais (cidades incluídas), em enfoques territoriais e institucionais baseados no modelo de governo de redes e em alguns dos seus instrumentos de acção, tais como a cooperação transfronteiriça.

No nosso caso, como galegos e portugueses do Norte (como *gallaecos*, diriam os romanos há mais de dois mil anos), a realidade da cooperação transfronteiriça é-nos muito próxima, viva e dinâmica, existindo (ainda que não com esse nome) muito antes que a construção europeia. Portanto, uma vez que o assunto tem profundidade histórica, devemos apenas procurar acertar no objecto de estudo, nas suas variáveis e no método a seguir para estudar a nova organização territorial e os modelos de governo; pelo menos para procurar que não escape um só variável que mereça ser estudada relativamente ao futuro de esta relativamente nova realidade eurorregional galaico-portuguesa que se vem chamando Eurorregião Galiza-Norte de Portugal.

Contudo, existem algumas precauções que temos de assumir antes de nos lançarmos em descrição e análise, o que nos leva a falarmos do paradigma e dos conceitos que pretendemos aplicar à Euroregião Galiza-Norte de Portugal e, neste espaço do Sudoeste Europeu, ao caso do Eixo Atlântico. Porque se se trata de utilizar a governança com todos os seus recursos conceptuais e metodológicos, estamos perante um espaço de novidade, já que, tanto quanto sabemos, a adopção deste marco científico às euroregiões não foi ainda aplicado, o mesmo se passando relativamente à sua aplicação concreta, dada a escassa consistência empírica da generalidade dos estudos sobre governança.

Por tudo isto, se o nosso interesse passa por analisar um território onde confluem duas realidades político-administrativas diferentes (Galiza e Região Norte de Portugal), destacando os traços de governança existentes na Euroregião, podendo inclusivamente chegar a caracterizar uma forma de governança eurorregional, deveremos ser cautelosos com os limites do paradigma (se é que chega a sê-lo) e com as condicionantes próprias do contexto territorial, político-administrativo e institucional que ocupa.

Assumindo o pluralismo, a dificuldade de definição do conceito, a sua difícil concretização metodológica e as dificuldades de avaliação, estamos conscientes da necessidade de adoptar uma referência de análise suficientemente clara para este trabalho. Por isso, partimos das seguintes posições:

- A governança em Portugal e Espanha é definida de forma idêntica por académicos e especialistas em questões territoriais e politológicas, todos sob a capa institucional da União Europeia e o seu Livro Branco de 2001 e em consonância com as diversas acções que se levaram a cabo para o seu acompanhamento, controle, avaliação e melhoria. Autores portugueses como Valente de Oliveira (2001: 8-20), Carneiro (2003: 17-25) e Fernandes & Marques (2004), ou espanhóis como Argimiro Rojo (2005: 5-30), Morata (2004) ou Baena de Alcázar (2005), fazem prova desta coesão académica.

- Existem dificuldades em avaliar o conceito e em adoptá-lo de forma idêntica a diferentes realidades territoriais, até no interior de um mesmo país; por exemplo na comparação entre Galiza e Catalunha (Espanha) ou Açores e a Região Norte (Portugal) e não se vêem senão dificuldades na hora de dar sentido à máxima governar sem governo, com governos distintos, territórios distintos, sociedades escassamente semelhantes, economias e valores culturais por vezes nos antípodas uns dos outros. Se assim é, como não pode influenciar a definição que se faça de um território – descentralização/ centralização – na hora de incorporar a governança? Todavia, estamos convencidos da aplicabilidade da governança à Euroregião Galiza-Norte de Portugal, dado que a entendemos como uma variável independente do território e dos sistema político-administrativo e social, pelo que o realmente substantivo redaícará na qualidade da governança eurorregional, obtendo-se assim uma avaliação que dá como resultad um grau ou medida adequada da boa governança (Bovaird & Löffler, 2003: 313-328).
- No que respeita à definição metodológica é fundamental não esquecer que ao longo dos anos 90 se desenvolveram projectos políticos, mas também de investigação, que procuraram criar um método próprio, a partir das Ciências Sociais, dedicado à análise e estudo da governança no mundo e em realidades regionais concretas, como no caso da União Europeia (OCDE em 1995 e 2002; União Europeia -2001-; Nações Unidas e Eurostat -2004-; Banco Mundial -2005-; Network of Excellence Connex¹ e NewGov² - ambos para

¹ Connex (Connecting Excellence on European Government) é um dos mais importantes projectos implementados pela União Europeia em matéria de governança no âmbito do Sexto Programa-Quadro Comunitário de Investigação e que está a decorrer desde 2004 por um período de quatro anos (2004-2008). O interesse do Connex centra-se nas bases de legitimidade da governança, concretamente na análise da eficiência e da democracia no esquema multinível comunitário, a partir de uma perspectiva multidisciplinar. O projecto está a ser coordenado pelo Mannheim Centre for European Social Research (MZES) que integra mais de 43 instituições de 23 países europeus.

² NewGov é outro grande projecto de investigação coordenado pelo European University Institute e pelo Robert Schuman Centre for Advanced Studies, vinculado direc-

o período 2004/2008-). Todos eles transmitem ensinamentos importantes para construir uma metodologia correcta para a análise do problema e de todos é possível também retirar lições para a sua aplicação na Euroregião Galiza-Norte de Portugal. No nosso caso optámos por uma experiência claramente europeia que não se centra especificamente na governança mas que a encara como uma variável de análise necessária para a definição de uma coesão territorial transfronteiriça correcta na União Europeia (por exemplo, político-administrativa, social, económica, etc.): o European Spatial Planning Observation Network (ESPON), financiado parcialmente pela União Europeia, no âmbito do programa INTERREG III ESPON 2006 e orientado para as novas realidades eurorregionais e transfronteiriças, no contexto do alargamento.

- Finalmente, mas estreitamente ligado ao ponto anterior, os indicadores devem ser avaliados correctamente, sabendo obviamente das escassas possibilidades de êxito deste tipo de modelos de medição em Ciências Sociais. Alguns críticos como Kaufmann (2003) ou Barreda (2006: 1-3) apontaram as suas fragilidades “... do ponto de vista metodológico os indicadores de governança existentes evidenciam uma grande heterogeneidade. Falta mencionar alguns critérios de definição: uns são quantitativos e outros qualitativos; subjectivos e objectivos; descritivos e prescritivos; agregados e desagregados. Esta disparidade teórica e metodológica dá com muita frequência origem a dificuldades, tanto quando se procura comparar os indicadores existentes (por exemplo, podem medir as mesmas variáveis, mas resultam em valores muito diferentes) como quando se pretende agregá-los e construir índices. Até agora, apesar

tamente ao Connex, e apoiado pelo mesmo Sexto Programa-Quadro Comunitário de Investigação para o período 2004-2008. NewGov é a abreviatura inglesa de “Novas Formas de Governança”, a partir das quais se pretende exactamente isso, analisar a transformação do conceito de governança e a sua adaptação à realidade político-administrativa comunitária. Integram o NewGov mais de 35 instituições de toda a Europa (vid. www.eu-newgov.org).

de todos os esforços realizados, não se conseguiu ainda obter um índice de governança que seja minimamente satisfatório”; mas conseguiu-se registrar alguns aspectos positivos para o seu trabalho em contextos de governança: “...servem para realizar um diagnóstico geral da situação de governança e da qualidade institucional de um país... ajudam a identificar as principais capacidades e limitações existentes num país em termos de desenvolvimento institucional... contribuem para abordar empiricamente um tema-chave na agenda do desenvolvimento: a relação ente instituições e desenvolvimento”.

Não nos podem criticar por expormos os limites da investigação, ainda que o façamos plenamente conscientes das enormes possibilidades que oferece o paradigma da governança e o seu perfil de análise para a Euroregião Galiza-Norte de Portugal. Assim, optámos por seguir em parte as propostas apresentadas pelo Programa ESPON, uma vez que integra aspectos territoriais, económicos, demográficos, sociais e institucionais (de Governo e de Administração Pública) em contextos eurorregionais, com um enfoque claro na cooperação transfronteiriça³.

O próprio ESPON é um bom exemplo de cooperação transfronteiriça e dos fundos que a União estabelece para o seu desenvolvimento, já que é financiado através do Programa INTERREG III ESPON 2006, orientado claramente para as novas realidades eurorregionais e transfronteiriças, com o objectivo principal de análise do território comunitário, o seu alargamento e a obtenção de dados importantes para apoiar a tomada de decisão e a formulação de políticas públicas europeias. Como se destaca no relatório de Acompanhamento do Programa ESPON em 2005: “In the INTERREG III Community Initiative,

³ Neste sentido, convém salientar que os textos sobre Portugal, Espanha e o Eixo Atlântico que aparecem mencionados nos capítulos 2 e 4 do presente livro aproveitam a investigação realizada no âmbito do projecto 2.3.2. do Programa ESPON (European Spatial Planning Observatory Network), “Governance of territorial and urban policies from EU level to local level”.

‘territorial governance’ is seen as a form of coordination among the relevant institutions at different territorial levels and with a wide range of actors coming both from public and private sectors, as well as civil society (horizontal and vertical coordination). INTERREG projects contributed both to learning and awareness rising at the regional level in relation to territorial policy orientation and options defined at the European level, i.e. in the ESDP. As well in relation to the implementation of the re-launched Lisbon (and Gothenburg) Agenda, governance processes play a vital role in identifying and further exploiting local and regional development potentials. Therefore, governance processes provide a potential to improve the conditions for regional development creating a synergy from the application of European policies” (ESPON, 2005: 72).

O âmbito multidisciplinar (com base estatística) do Programa ESPON é evidente, basta observar o elenco de variáveis estabelecidas para a sua análise na investigação: sustentabilidade demográfica, potenciais relações urbanas e rurais-urbanas, acessibilidade ao transporte, desenvolvimento da inovação e da investigação, desastres naturais e o seu impacto sobre as alterações climáticas, energia e o património natural e cultural, o impacto das políticas públicas comunitárias no território e governança. Dito isto, deve destacar-se que as variáveis relacionadas com as políticas públicas e os aspectos de governo e administração, ou seja, as que respeitam à governança numa perspectiva politológica, aparecem apenas esboçadas no final do Programa. Apesar de tudo, com esta proposta de análise da governança em ambientes transfronteiriços, salienta-se a necessidade de integrar uma dupla visão mais *bottom-up* das políticas comunitárias e da formulação-concepção dos seus fundos (especialmente o INTERREG, URBAN, LEADER e EQUAL), e finalmente, de integrar no problema uma perspectiva local-regional, além de outras relacionadas com as redes públicas, privadas e sociais. Desta forma, é possível concluir que a governança implicaria “a prerequisite for territorial cohesion as it can reconcile competitiveness and cohesion, and define a sustainable development path” (ESPON, 2005: 73).

No âmbito das dimensões da medição da governança, o Programa ESPON propõe uma análise dos quadros institucionais (incluindo as estruturas de governo) de cada um dos territórios transfronteiriços: além dos aspectos económicos em forma de clusters regionais e de parcerias público-privadas, incluindo o terceiro sector (de acordo com a terminologia PPP), entre os quais se poderiam incluir os impactos da Sociedade de Informação, em forma de *e-government*; os da sociedade civil através do capital social, a sua participação e os modelos de comunicação e informação entre as instituições públicas; e, finalmente, uma variável-chave de governança giraria em torno da estrutura funcional urbana e dos seus intercâmbios no contexto transfronteiriço. Torna-se claro que as propostas de variáveis e indicadores de medição do programa ESPON não são muito distintas das que foram avançadas por outras instituições internacionais, nomeadamente:

- O Banco Mundial, através dos trabalhos de Kaufmann, Kraay e Maztruzzi (2005), desenvolveu o Governance Matters IV, que inclui uma série de variáveis como direito e prestação de contas; estabilidade política e ausência de violência; eficácia governativa; qualidade reguladora; Estado de direito; e controlo da corrupção.
- As Nações Unidas e a Comissão Europeia, com o Programa das Nações Unidas para o Desenvolvimento (PNUD) e o Eurostat, desenvolveram o World Governance Assessment (WGA) com indicadores da sociedade civil; agentes políticos; executivos; burocracia; agentes económicos; e poder judicial.
- A própria União Europeia, em forma de evolução do seu Livro Branco dos inícios de 2000 e a partir do Mannheim Centre for European Social Research (MZES), o European University Institute e do Robert Schuman Centre for Advanced Studies, desenvolveu estudos sobre o Connex e o NewGov e suas variáveis: emergência, evolução e avalia-

ção de novas formas de governo; delegação, hierarquia e respectivas responsabilidades; eficácia, capacidade e legitimidade; aprendizagem, experiência de governo e reforma.

Nos três casos assumem-se como indicadores gerais e índices de medição da governança aqueles que implicam a análise das instituições do governo a vários níveis (centrais, regionais e locais), dos agentes privados (sobretudo empresariais) e da sociedade civil (organizações não governamentais e fundações), analisando por conseguinte as relações entre elas, tanto verticais como horizontais, assim como as experiências e os processos de mudança, parceria, transparência e prestação de contas, em suma, a governança em acção ou a boa governança.

Seguindo as considerações apresentadas nesta breve introdução metodológica, procederemos com o enquadramento teórico da governança e do espaço transfronteiriço, o objecto da nossa análise, para posteriormente enquadrar de forma intergovernamental e a múltiplos níveis a realidade central (nacional) de Espanha e Portugal, no qual se inserem os correspondentes níveis subcentrais (subnacionais), a Comunidade Autónoma da Galiza e a Região Norte de Portugal, com as suas respectivas características. Procuraremos depois mostrar a realidade dos principais agentes transfronteiriços, a Comunidade de Trabalho Galiza-Norte de Portugal e o Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular, para finalmente estabelecer uma série de conclusões em forma de epílogo sobre a governança e a Eurorregião Galiza-Norte de Portugal. ●

1. ENCADRAMENTO CONCEPTUAL DA GOBERNANZA NO CONTEXTO EUROPEO E TRANSFRONTEIRIZO

1.1. Da Política á Gobernanza

■ Toda consideración sobre a Política -ese acontecemento fundamental e específico da nosa condición humana- lévanos inevitablemente á Grecia clásica (sen esquecer, claro é, outras manifestacións anteriores), xa que foron os pensadores gregos os que inventaron e aportaron á cultura occidental este termo, e foi alí onde se acadou por vez primeira conciencia plena do seu significado. Política era a vida da *polis* (cidade), e comprendía todas as actividades enmarcadas dentro dela: deliberar, administrar, dirixir, xulgar, etc. Alí comézase a falar por primeira vez dese *animal social*, é dicir, dese ser humano absolutamente inviable na súa soidade e illamento e, por conseguinte, necesitado dos demais, do grupo, polo que sempre estará metido nun amplo conxunto de relacións sociais que van determinar as súas condicións de vida. Pois ben, a política é exactamente o goberno desas situacións sociais, isto é, a actividade de dirixilas, ordenalas e integralas.

A actividade política propón orientar cara a metas e obxectivos esas situacións sociais, asignando tarefas, recompensas e sancións, resolvendo conflitos e asegurando a coordinación necesaria entre as distintas partes que conforman o

sistema no seu conxunto. A Política, por conseguinte, debe considerarse como unha práctica ou actividade colectiva orientada cara a regulación do conflito, sendo o seu resultado a adopción de decisións que obrigan aos membros da comunidade. Confiáselle, así, a regulación ou arranxo das tensións que xorden no seo das sociedades, ao considerar insuficientes outras posibilidades de arranxo eficaz, “como poderían ser a fidelidade familiar, a cooperación amistosa ou a transacción mercantil” (Vallés, 2000: 20). A Política consiste nunha actividade dirixida por valores de orde e equilibrio social, e encamiñada ao fomento do ben común ou do interese xeral mediante a redistribución de valores. Para Easton (1969: 79), concretamente, a Política é considerada como a “asignación imperativa de valores para unha sociedade”, entendendo por valores todo aquilo que fora desexable para unha comunidade política. K. Deutsch (1980) considera como elemento esencial da Política a firme coordinación dos esforzos e expectativas humanas para acadar os obxectivos dunha sociedade.

A Política constitúe, xa que logo, un acontecemento necesario e inevitable e, polo mesmo, constante e omnipresente nas nosas sociedades; e a profesión política debe de entenderse como unha actividade esencialmente de dirección, ordenación, integración, administración e control, unha actividade que se pode resumir nesa dobre dimensión de condución de seres humanos e de administración de cousas. En última instancia, a Política aparece como un seguro e garantía fronte á ameaza da desintegración ou derrube social, motivado pola existencia de desequilibrios e desigualdades no seo das nosas sociedades, sendo o seu obxectivo final a consecución dun grao razoable de cohesión social. Iso acádase mediante a execución das políticas públicas, as cales non son outra cousa máis ca intervencións e actuacións por parte dos gobernos nos distintos ámbitos “conflitivos” da vida colectiva. Pois ben, cando esta suma de intervencións ou políticas públicas axústase ás necesidades, cando existe adecuación entre respostas e expectativas existentes e, por conseguinte, cando estas políticas son aceptadas e consideradas acertadas por parte da sociedade, logo pódese

falar de gobernabilidade, verdadeiro *test* que nos permite avaliar o rendemento dun sistema político.

A gobernabilidade, polo tanto, é sinónimo de capacidade para dar resposta ás demandas e regular o conflito social a través da adopción de políticas eficaces, sendo posible a súa medición e comprobación a través do grao de axustamento acadado entre as necesidades sociais expresadas e os resultados obtidos polas políticas públicas aplicadas polo sistema en resposta ás referidas necesidades. No senso oposto, a ingobernabilidade xorde cando o sistema non está en condicións de procesar e responder axeitadamente aos conflitos e demandas plantexadas, o que, pola súa banda, levaría a unha falla de confianza e apoio cidadán ao sistema, minguando a súa lexitimidade e, ademais, cuestionando a súa propia existencia.

Ao longo da década dos sesenta e setenta do pasado século, e como protesta contra o sistema pola súa incapacidade en responder ás demandas plantexadas, teñen lugar unha serie de revoltas e movementos sociais -o maio francés do 68 é todo un símbolo, nesta orde de cousas- desenvolvidas á marxe, e en contra, das institucións e das regras convencionais representativas das poliarquías occidentais. Estes feitos son interpretados como unha mostra clara de insatisfacción respecto do rendemento do sistema político, poñendo ao descuberto así unha situación de ingobernabilidade, e cuxa tese fundamental vén a sinalar que “as expectativas sociais dos cidadáns e as súas demandas ao Estado aumentaron considerablemente, mentres que a capacidade e os recursos deste para satisfacerlas diminuíron, o que xera frustración e rexeitamento”. O diagnóstico, polo tanto, deixa claro cales son as dúas dimensións que comprende o problema da gobernabilidade: por unha banda, unha imparable avalancha de demandas de todo tipo activadas no seo das nosas sociedades e, por outra banda, un Estado e un sistema político desbordado e incapaz de dixerir e dar resposta satisfactoria a ditas demandas. A imposibilidade do Estado de responder a esas demandas e a esas novas necesidades, e a incapacidade de racionalizar as moitas funcións

activadas, neste novo contexto de complexidade social e de crecente demanda de servizos, orixina unha situación de bloqueo, tensión e asfixia institucional, poñendo en entredito a lexitimidade e viabilidade do propio Estado. É, neste contexto, onde xorde a “teoría da sobrecarga”, que nos manifesta un sistema estatal desbordado por múltiples interpelacións que sen cesar lle chegan da sociedade, así como das consecuencias que iso conleva.

E diante da crise de gobernabilidade, asociada por moitos autores (Crozier, Huntington and Watanuki, 1975) á crise da propia democracia, todos se preguntan que facer, e cal é a receita máis axeitada, quedando pronto demostrado que se ben existía coincidencia en relación ao diagnóstico non era o mesmo respecto das solucións apuntadas. No transcurso do debate hai ocasión para someter á unha análise crítica non tanto o sistema político en si mesmo senón máis ben cada un dos seus elementos e compoñentes institucionais que máis puideran incidir no estado de cousas existente. Así, examínan as vantaxes e inconvenientes das formas de goberno e tamén das formas de Estado existentes, do mesmo xeito que dos sistemas electorais en uso; estúdase a conveniencia de ampliar e reforzar os procedementos que favorezan unha democracia máis directa e participativa; tócase o tema da organización, funcións e financiación dos partidos políticos; propónse unha fonda reforma das administracións públicas, etc. Certamente, de todos estes debates e propostas formuladas, todas elas orientadas a garantir ou mellorar a gobernabilidade das nosas comunidades, probablemente a que máis repercusión e éxito tivo é a relativa á distribución territorial do poder político, reflectida nun proceso xeneralizado de rexionalización e devolución política, considerada como solución e antídoto para superar ese estado de bloqueo e parálise institucional derivada desa situación de sobrecarga.

Mais o debate sobre a gobernabilidade non se detén nestas consideracións relativas á necesidade, máis ou menos recoñecida, de emprender reformas institucionais dentro do sistema, senón que pouco a pouco vaíse abrindo paso unha nova perspectiva, na que, a solución aos atrancos de gobernabilidade non

pasa precisamente polo reforzamento e melloramento do actor estatal, xa que aquela non depende unicamente da actividade institucional. Considérase que tal opción só contribuiría a empeorar a situación, estando a verdadeira solución “na diminución da participación cidadá, a tecnificación da condución da sociedade e a cesión desta condución a actores sociais (empresas, asociacións, grupos) e institucións, que podan conciliar máis facilmente os seus antagonismos e resolver os seus conflitos” (Closa, 2003: 487). Segundo esta aproximación, a satisfacción ás demandas formuladas pola sociedade só é posible a través da acción combinada dun conxunto de actores, entre os que figura certamente o actor estatal, pero compartindo protagonismo cos demais. A acción de gobernar implica, agora, unha práctica máis inclusiva, incorporando á sociedade civil, que nalgúns casos pode mesmo chegar a substituír ao poder político e institucional, ao asumir tarefas que antes eran de exclusiva competencia daquel.

1.2. Que queremos dicir cando falamos de Gobernanza

Ao igual que ocorrera anteriormente con outros conceptos de aplicación e uso nas ciencias sociais, coma o de paradigma, por exemplo, o concepto de gobernanza está de moda e o seu nivel de popularización vai en aumento nos distintos ámbitos e escenarios das ciencias sociais. Nos últimos anos, os traballos en torno á gobernanza proliferaron de maneira espectacular, penetrando e facéndose visible na axenda de múltiples áreas e disciplinas científicas. Agora ben, a pesares de estar de moda e acadar este alto grao de difusión, ou precisamente por iso, ha de recoñecerse que estamos diante dun concepto non exento de problemática, unha problemática que deriva en moitos casos do difícil que resulta alonxarse de toda connotación ideolóxica e valorativa á hora de levar a cabo o estudo científico da realidade. Unha consecuencia diso, e relacionado co caso que nos ocupa, son as diferentes aproximacións e definicións existentes sobre a mesma. Pode afirmarse que non existe un concepto único de gobernanza, máis alá dunha noción moi xeral, sendo susceptible de ser aplicado a realidades e ámbitos tan dispares como

as institucións e réximes internacionais, a administración local, as organizacións supranacionais, o desenvolvemento económico, as corporacións, a implantación da nova xestión pública, novas prácticas de coordinación de actividades a través de redes, partenariados, foros deliberativos, etc.

Peters (2000), e utilizando como criterio delimitador o da centralidade do actor estatal á hora de conformar as decisións, distingue dúas acepcións de gobernanza: a tradicional e a moderna. Segundo a perspectiva tradicional, baseada na presunción de que o goberno e a autoridade do Estado é indispensable e, polo tanto, irremprazable para a consecución do interese público, a análise céntrase esencialmente no actor público, e na maneira en cómo o actor estatal é quen de gobernar, de dirixir e de exercer control sobre o resto das instancias de goberno, sobre a sociedade e sobre os actores que nela interactúan. O enfoque moderno de gobernanza pon énfase, por unha beira, na existencia de recursos sólidos abondos e influíntes no seo das sociedades (redes, comunidades e outros agregados de organizacións de intereses existentes) capaces de xestionar os seus propios intereses sen a intervención do Estado; ou dispostos, en último caso, a asistir a este na xestión de ditos intereses, posibilitando así chegar a decisións mellores¹, isto é, máis eficaces, eficientes e xustas (a versión positiva). Por outra beira, este mesmo enfoque destaca a capacidade das forzas sociais para resistir e evitar as imposicións, regulacións e intromisións do Estado e a súa burocracia, argumentando que son os cidadáns, e non a Administración, os que mellor saben o que queren e o que precisan (versión negativa). Segundo este punto de vista, a sociedade está en condicións de xestionar moitos dos seus intereses sen necesidade de que interveña o Estado.

Para Kooiman (2004: 172), a gobernanza debe ser entendida, ante todo, como un fenómeno social no que conflúen e participan actores de distinta na-

¹ O concepto de “decisións mellores” comeza a ser operativo por mor de que varios autores introduciron diferentes indicadores no mesmo que permiten verificar empiricamente o grao de cumprimento dos resultados propostos.

tureza e procedencia, tanto públicos como privados; unha combinación de todo tipo de actividades e estruturas de goberno consideradas como respostas ás necesidades cambiantes; un goberno interactivo ou socio-político mediante o que “tanto os actores públicos coma os privados perseguen arranxar problemas sociais ou crear oportunidades sociais, preocuparse polas institucións sociais nas que estas actividades de goberno teñen lugar e formular os principios de acordo cos que estas actividades se levan a cabo”. Son as novas tendencias sociais de longo alcance, tales como a diferenciación e a integración, consecuencia, pola súa banda, de ampliar as cadeas de interdependencia e interacción, as que están provocando este cambio de modelo de goberno²; ao que hai que engadir outros factores, tales como a progresiva difuminación e evanecemento das liñas divisorias entre o público e o privado, e o feito de que os intereses en xogo xa non son exclusivamente públicos ou privados senón que en moitos casos son comúns e compartidos.

As autoridades públicas vense compelidas a actuar nun novo contexto no que os intereses xerais se atopan fragmentados e dispersos entre diferentes actores interdependentes, que se relacionan entre si a través de sistemas complexos de interacción e comunicación. Como consecuencia de todo iso póñense en evidencia as limitacións do sistema de goberno tradicional, incapaz de dar resposta satisfactoria aos problemas sociais, necesitados cada vez máis dun maior número de enfoques, recursos e instrumentos de actuación.

Das dúas referencias anteriores despréndese a importancia que ten o concepto de interacción á hora de explorar o significado e as virtualidades da gobernanza. A interacción, entendida como unha relación mutuamente influente entre dúas ou máis entidades, pode axudar a comprender mellor as relacións

² Kooiman (2004) considera imprescindible tomar en serio as características básicas das sociedades modernas: diversidade, complexidade e dinamismo; elas constitúen a súa fortaleza, e desta derívanse, á súa vez, as súas oportunidades. A gobernanza debe saber situarse convenientemente no contexto desta nova realidade social.

“dentro” e “entre” os problemas e oportunidades sociopolíticos, descubrindo a dinámica e os movementos de tensión existentes no seo da sociedade e, en definitiva, a multiplicidade de implicados existentes en relación a un problema ou oportunidade determinado. Gobernar dende unha perspectiva de interacción consistirá, xa que logo, en tentar superar ou atravesar os límites e incomunicación existentes entre entidades separadas para descubrir e potenciar as relacións mutuamente influíntes, poñendo de manifesto ata que punto os actores e o conxunto das súas actuacións relaciónanse entre si, e ata que punto tamén os marcos, contextos e estruturas no que teñen lugar ditas actuacións e relacións, trocan e se transforman tamén.

Os límites entre o Estado e a sociedade estanse a modificar nuns casos, e estanse esvaíndo noutros, o que impide coñecer con exactitude onde empeza a sociedade e onde acaba o goberno. Iso fai que a fronteira entre as responsabilidades públicas e as privadas remate converténdose nun obxecto de interacción, recoñecendo deste xeito a inevitabilidade das interdependencias e, en consecuencia, a necesidade da gobernanza entendida como goberno interactivo. Na seguinte cita, J. Kooiman (2004: 175) sinala algunhas das razóns que conduciron a esta nova modalidade de goberno: “Ningún actor por si mesmo, público ou privado, ten o coñecemento e a información necesarios para arranxar atrancos complexos, dinámicos e diversificados. Ningún actor ten unha perspectiva suficiente para utilizar eficientemente os instrumentos necesarios”.

A gobernanza, neste senso, é tamén co-gobernanza, ao conlevar o emprego de formas organizadas de interacción e ao implicar formas horizontais de goberno, onde os distintos actores, atrapados por múltiples interdependencias, relaciónanse, comunícanse, colaboran e coordínanse sen necesitar da existencia dun actor central ou dominante. Falar de co-gobernanza equivale a recoñecer a necesidade e a conveniencia de “facер as cousas xuntos”, fronte ao modelo tradicional reflectido naqueloutro enunciado: “que cada un faga o seu”. A idea tradicional segundo a cal había que recorrer ao Estado para atopar solucións

aos problemas colectivos e ao sector privado para crear oportunidades, resulta inapropiada e ineficaz nas sociedades actuais, xa que tanto a solución dos problemas colectivos como a creación de oportunidades sociais son tarefas e desafíos, á vez, públicos e privados, gobernamentais e tamén do mercado. Pero ambas instancias non só son necesarias para a consecución de ditos obxectivos (solucionar problemas e xerar oportunidades no seo das nosas sociedades), senón tamén para o deseño, mantemento ou renovación dos escenarios e marcos institucionais (modelos organizados de normas e roles construídos socialmente), que dan forma aos intereses de aqueles que interactúan, e asemade son influenciados por eles; sendo necesarias tamén ditas instancias para a fixación e o exame dos principios normativos que deben guiar a conduta dos actores implicados nas interaccións de goberno³.

O concepto de gobernanza, chamado tamén goberno en rede ou goberno relacional, descóbrenos un escenario integrado por diferentes actores (públicos-institucionais, privados, voluntarios) que se relacionan entre si (en rede, formando estruturas reticulares) para negociar e comprometerse en determinadas políticas e na súa implementación. O concepto de rede, neste senso, está intimamente asociado ao concepto de gobernanza, sendo utilizado pola maioría dos autores como un concepto analítico útil para estudar as relacións estruturais, as dependencias mutuas e as dinámicas entre diferentes actores que no seu conxunto contribúen á conformación das políticas públicas. Nesta análise preténdese indagar, por unha beira, tanto na natureza e o grao de intercambio de recursos levado a cabo entre os diferentes actores como nos resultados acadados como consecuencia da interacción; e, por outra beira, na propia natureza e estrutura da rede, considerada coma o conxunto de relacións relativamente estables e en continuo funcionamento, capaz de mobilizar recursos dispersos e

³ J. Kooiman (2004: 191), para referirse a este aspecto ou dimensión da gobernanza emprega o termo de metagobernanza ou tamén gobernanza normativa, considerando o metagoberno unha parte esencial da gobernanza por constituír “o foro onde os principios normativos do goberno se forman e se proban”.

de distinta procedencia coa fin de articular unha acción colectiva que permita xestionar o conflito e crear oportunidades para as nosas sociedades.

As redes xorden co principal propósito de satisfacer os distintos intereses en xogo e fixar ao mesmo tempo obxectivos comúns. Segundo esta aproximación ao concepto de rede, as relacións entre o Estado e a sociedade, experimentan un importante cambio respecto á concepción tradicional. Agora xa non é posible unha separación entre a sociedade e a Administración, nin é posible tampouco que esta última imponha unilateralmente a súa vontade e criterio, sendo preciso a negociación e o acordo coas redes, isto é, con esa multiplicidade de actores interesados (*stakeholders*) e dotados dunha gran variedade de recursos (cognoscitivos, técnicos, financeiros, mediáticos), á hora de deseñar e implementar as políticas encamiñadas á gobernabilidade das nosas sociedades. A conformación de redes, polo tanto, constitúe polo seu lado unha característica e unha condición da gobernanza, correspondéndolle ao Estado a tarefa de fomentar as redes de gobernanza e exercer sobre elas unha influencia significativa, tratando de “mobilizar as competencias e os recursos dispersos entre unha multiplicidade de actores públicos e privados” (Morata, 2004: 27).

Este goberno en rede xa non se basea tanto na concentración de autoridade nos políticos elixidos e nas institucións (modelo xerárquico, baseado na imposición dende o poder), nin tampouco en conferir a responsabilidade unicamente ao sector privado (modelo de mercado, baseado nunha suposta harmonía preestablecida ou espontánea dos intercambios económicos que producen resultados favorables e beneficiosos para todos), senón que pretende gobernar a través de relacións tanto coa sociedade civil como con outros niveis de goberno, optando polo novo lema “entre todos farémolo todo”, fronte ao lema anterior “que cada un faga o seu” (Brugué, 2002). Dáse entrada, desta maneira, ao principio de subsidiariedade social ou horizontal, segundo o cal debe favorecerse a iniciativa e participación dos cidadáns, individual ou colectivamente, para a realización de actividades de interese xeral; a “cousa pública” ábrese, así,

á sociedade civil, propiciando unha especie de reparto de competencias entre o público e o privado. Neste senso, a gobernanza pode definirse como un método ou procedemento capaz de facer fronte aos problemas e conflitos da sociedade, ao propiciar, a través das negociacións e deliberacións, o acordo satisfactorio e obrigatorio, á vez, entre os distintos actores involucrados, que se comprometen asemade a cooperar na aplicación de ditos acordos (Schmitter, 2001).

A gobernanza implica un novo modelo decisorio, unha transformación nos modos de exercer o poder político, incorporando actores distintos do estatal nos procesos de formulación e implementación de alternativas. Trátase dunha nova e emerxente forma de abordar os asuntos públicos, de tomar decisións, máis inclusiva e participativa, menos xerárquica, alonxada das nocións hobbesianas de autoridade e poder, tentando “gobernar sen goberno”, isto é, a través da negociación, a influencia, o compromiso e o pacto entre os distintos actores interesados, cada un dos cales aporta as súas habilidades e recursos ao conxunto, ao común. Máis alá da existencia dun único centro de impulsión e dirección política, e dunha relación de dominación xerárquica, a gobernanza susténtase nun constante intercambio de recursos e nunha acomodación, diálogo e negociación permanente entre os diferentes actores que conforman a rede. Así entendida, a gobernanza asóciase á capacidade de auto coordinación, interacción e axuste no seo desa sociedade-rede: “Así as cousas, mentres a noción de gobernabilidade estaba vencellada á aptitude de dirixir que é propia do sistema político, o concepto de gobernanza asóciase á capacidade de auto coordinación propia de redes constituídas por unha variada constelación de organizacións e entidades privadas e públicas, estatais e transestatais” (Vallés, 2000: 411).

Por outra parte, a utilidade do concepto de gobernanza, como ferramenta cognoscitiva que nos permite identificar os problemas e as oportunidades das nosas sociedades, cada vez é menos cuestionada. Xestionar o conflito nos tempos de hoxe, gobernar os problemas, as oportunidades e os contextos nunhas sociedades cada vez máis complexas, diversas e dinámicas, nun sistema

social cada vez máis interactivo, e onde a fronteira entre o social e o político, entre o público e o privado, entre o Estado, o mercado e a sociedade civil cada vez é máis difusa, require novas formas, imaxes e instrumentos de actuación. Neste senso, o concepto de gobernanza presupón non só unha visión máis integrada do *policy making* como única forma de afrontar dun modo máis eficiente os problemas, senón que representa tamén un enfoque útil e proveitoso “para analizar os imperativos institucionais necesarios para organizar e xestionar máis eficazmente os procesos de decisión ante a maior complexidade dos problemas públicos” (Morata, 2004: 26).

A gobernabilidade da sociedade actual esixe a actuación conxunta e coordinada dos gobernos e dos axentes sociais, compartindo responsabilidades e combinando procedementos de auto-goberno, co-goberno e goberno xerárquico segundo os casos (Kooiman, 2004). O concepto de gobernanza fai posible tamén que todos os axentes sociais involucrados se corresponsabilicen á hora de fixar criterios, principios e normas que guíen as nosas sociedades, e sen alonxarse desas dúas tradicións filosóficas que tanto contribuíron ao triunfo da modernidade: unha baseada no principio da racionalidade e outra baseada no principio humanista. Sobre estas raíces e sobre esta herdanza, e a falla dun ideal socio-político global e universalmente compartido, deben ser construídas as nosas sociedades do futuro.

En suma, pódese concluír afirmando que pese a constatar as numerosas diferenzas existentes tanto na maneira en que é definido como na maneira en que é empregado, no concepto de gobernanza pódese atopar unha serie de elementos comúns que permiten identificalo axeitadamente. Deles destacaríamos, seguindo a J. Kooiman (2004), a consideración da gobernanza como un fenómeno social, atribuíbel ás crecentes e cambiantes interdependencias sociais, e que conta coa participación de “gobernantes” tanto públicos coma privados; goberno interactivo, fundado en interaccións amplas e sistémicas entre os actores públicos e privados; o énfase posto na perspectiva sistémica da realidade

social, destacando as regras e as cualidades inherentes a todo sistema; a importancia outorgada á cooperación como medio fundamental para incrementar a lexitimidade e a eficacia á hora de resolver problemas e crear oportunidades; a atención prestada aos novos procesos e acordos que están tendo lugar entre o sector público e a sociedade civil; a constatación dunha crecente necesidade de abranguer tanto a xestión do conflito como a creación de oportunidades a través da interdependencia, a cooperación e o acordo, e no contexto dunha sociedade caracterizada pola diversidade, a complexidade e o dinamismo. Como conclusión, a gobernanza identifica un proceso mediante o cal as actuacións e os recursos tanto públicos coma privados, e nos distintos niveis, coordínanse adoptando direccións e significados comúns (Rhodes, 1997).

1.3. A Gobernanza: Fin ou só Debilitamento da Política?

Da descrición efectuada en torno á gobernanza dedúcense una serie de presupostos que convén matizar axeitadamente, a fin de evitar conclusións precipitadas ou confusións máis ou menos interesadas. En efecto, a análise do concepto de gobernanza permite constatar que xa non existe unha diferenza clara entre o público e o privado por mor á crecente interdependencia existente; tampouco pode dicirse que exista agora unha fixación previa de metas e obxectivos, e de medios e instrumentos para acadalos, sendo iso o resultado da interacción existente entre unha pluralidade de actores que proceden a axustar permanentemente os seus intereses respectivos; as normas e regras de xogo, lonxe de imporse de xeito unilateral por parte do poder político, son o resultado da negociación e o acordo entre os actores interactuantes, polo que deixa de existir un centro regulador único e superior; moitas políticas públicas acaban convertíndose en co-producións (a co-gobernanza), motivado a que na súa definición e implementación interveñen as institucións, a sociedade civil e os propios beneficiarios; en fin, a insistencia na importancia do papel desempeñado polos actores privados e na necesidade de cooperación entre estes e o sector público.

Pode afirmarse, pois, que a noción de gobernanza conleva unha relativización do público, despoxando da súa centralidade tradicional ao sistema político-institucional. As novas sociedades, definidas xa como policéntricas, pasan a constituír redes autoorganizadas e guiadas a través dun axuste e acomodación recíproca e permanente entre os seus membros, sen necesidade dunha instancia suprema ou posto de mando dende onde se controlaría o funcionamento xeral do sistema. Dito isto, inmediatamente xorde a interrogante: ata que punto isto é compatible coa Política?, ata que punto este goberno relacional e na rede, esta sociedade autoorganizada e co-gobernada, fai innecesario un poder político vencellante?, en definitiva, implica a gobernanza gobernar sen política ou, segundo a expresión de Rhodes (1996), “gobernar sen goberno”?⁴

En realidade, do concepto de gobernanza, e das súas diferentes interpretacións, non debería chegarse á conclusión de que as institucións deixaron de ser relevantes ou, dito noutras palabras, que a gobernanza substituíu ao goberno, supoñendo en consecuencia a fin da política, a abolición do público ou o advenimento da sociedade anárquica e acéfala. Tampouco deba equiparse a noción de gobernanza coas teses neoliberais do Estado mínimo. O que ocorre é que agora, e segundo este novo paradigma de gobernabilidade, a función do goberno e do poder político experimenta unha transformación, axeitándose ás esixencias da sociedade actual, e a fin de acadar ese grande obxectivo compartido que non é outro máis ca crear oportunidades e dar resposta eficaz aos problemas e tensións dunha sociedade moderna, caracterizada pola diversidade, a complexidade e o dinamismo. Neste novo contexto, ao sistema político correspóndelle ser menos dirixista e máis catalizador, favorecendo e habilitando a actuación dos outros actores sociais sen anular ou impoñerse aos mesmos; tamén á política se lle seguirá encomendando a tarefa de creación de normas, pautas e criterios capaces de guiar e conducir o proceso social; tampouco poderá o poder político dimitir da súa función asistencial en favor dos máis débiles

⁴ É importante, neste senso, a reflexión levada a cabo por G. Peters e J. Pierre (1998).

ou de actuar como árbitro na resolución dos conflitos que poidan xurdir no seo desa sociedade-rede autoorganizada.

Á Política corresponderalle garantir que as grandes conquistas levadas a cabo pola democracia non se verán afectadas como consecuencia deste novo modelo de gobernanza autocoodinada. A gobernanza non debe nin pode entrañar, en ningún modo, a morte e disolución da política e do dereito, ou o que é o mesmo, a quebra das institucións e principios democráticos, o desmorreamento e volatilización dos dereitos e liberdades fundamentais, a ausencia de garantías constitucionais, a desaparición da cidadanía, o fin das ideoloxías, principios e doutrinas políticas, etc., tal como algúns autores, e con certo ton alarmante, venen preconizando ultimamente (Guéhenno, 1995). Non podemos resignarnos a perder eses espazos políticos onde no nome da xustiza poder formular as nosas demandas; e onde poidamos, tamén, esixir a rendición de contas, esa necesaria responsabilidade ou *accountability*, aos actores políticos e sociais polos seus actos. Non podemos renunciar á nosa condición de cidadáns, conquistada e asumida como algo definitivo e irrenunciable no marco do Estado liberal e democrático, e que nos fai portadores duns dereitos que en todo momento podemos facer valer fronte ao poder político, diante da erosión da institución estatal. Como sinala F. Morata (2004: 28), a representatividade das institucións, a transparencia das súas actuacións, o seu rendemento e control son elementos fundamentais da lexitimidade do poder político, sen a cal non pode haber unha gobernanza democrática.

Semella incuestionable, pois, que seguirá habendo sitio para a Política, que a súa función nin sequera será secundaria, e que o modelo de gobernabilidade propugnado pola gobernanza desenvolverase á sombra da Política, “lista para reaparecer en primeiro plano cando se dan situacións críticas nas que fallan os mecanismos autónomos de gobernación” (Vallés, 2000: 417). En realidade, o desenvolvemento das capacidades institucionais constitúe un requisito e unha condición necesaria e fundamental para garantir unha boa gobernanza.

Seguimos necesitando da Política para acadar que esa tradución e tránsito do privado ao público volte a ser posible, para contribuír á recuperación da utopía, á fe na capacidade humana de imaxinar un mundo mellor, de interrogarse (“que debemos facer diante dos problemas da vida, diante dos problemas da supervivencia”), rexeitando o actual credo neoliberal de que “non hai alternativa”; contribuír, en definitiva, á valorización da acción política como medio para levar adiante os urxentes e necesarios cambios que precisan as nosas sociedades. E todo iso, en claro desafío desa visión escéptica, conformista e desencantada que se desprende do paradigma postmoderno. Un paradigma e unha mensaxe fronte ao que caben outras posturas, ademais da resignación. En conclusión, e a pesar do impacto e atractivo que exerce o concepto de gobernanza no momento actual, de ningunha maneira ten que diluír, e moito menos substituír, ao concepto e función da Política, e iso por unha serie de razóns, tal como se encarga de subliñar J. M. Vallés (2000: 418): “A Política, e en particular, a política democrática seguirá supoñendo a intervención colectiva dos cidadáns para regular as tensións e os conflitos que lles afectan. Esta intervención colectiva seguirá esixindo a coordinación do esforzo de moitos, aínda que esta coordinación adopte agora novas formas de organización e manexe outro tipo de recursos. En todo caso, apostar pola desaparición da Política— ou pola súa disolución no automatismo da gobernanza— equivalería a declarar que as desigualdades e as diferenzas de toda orde desapareceron do noso mundo. O que todos os que o habitan renunciaron a acabar con elas. Non parece que nin un nin outro – nin aquela presunta desaparición nin esta renuncia colectiva – asomen aínda polo horizonte da humanidade”.

1.4. As Grandes Transformacións da Sociedade Actual e a Gobernanza

A aparición do concepto de gobernanza non pode desligarse das grandes transformacións que tiveron lugar nas últimas décadas, e que no seu conxunto

contribúen a marcar un cambio de época. O modelo de goberno tradicional xa non se corresponde coas esixencias plantexadas por esta nova sociedade emergente, existindo un claro desaxuste e unha falta de adaptación do sistema político democrático ás profundas transformacións experimentadas pola sociedade actual, o que impide xestionar o conflito e regular os procesos sociais de modo apropiado e eficaz. As ferramentas e procedementos tradicionais de goberno resultan pouco axeitados e insuficientes, polo que se impón un novo paradigma: a gobernanza. Procedamos agora a identificar algunhas desas grandes transformacións que tanto están contribuíndo a erosionar o modelo tradicional de goberno.

Existe unha coincidencia xeral á hora de cualificar o momento histórico que atravesamos a humanidade. Asistimos, certamente, a unha aceleración da Historia que, lonxe de reducirse, cada vez increméntase máis; ao mesmo tempo, teñen lugar transformacións radicais que afectan a todos os ámbitos significativos das sociedades humanas: á demografía, á ciencia e tecnoloxía, á conciencia e a cultura, ás comunicacións, ás configuracións xoeconómicas e xoeestratéxicas, aos distintos réximes e, en fin, aos propios valores (Dror, 1995). Como consecuencia de todo iso prodúcense discontinuidades, rupturas e tensións, que interactúan e refórzanse entre si, orixinando novas perturbacións e turbulencias en distintos aspectos da vida humana. Os efectos desta revolución están a ser sobrecolledores e fascinantes a un tempo, e tamén inimaxinables ata fai moi pouco tempo. Rachou, por exemplo, ao chamado socialismo real, poñendo ao descuberto a súa incapacidade para adaptarse ao cambio, así coma a súa fonda e endémica crise económica, política e social. Tamén converteu este planeta nunha auténtica aldea global, motivada pola expansión e intensificación da informática e demais sistemas de comunicación e información, abrindo espazos de comunicación e coñecemento impensables ata fai pouco e facendo posible a difusión instantánea dos acontecementos, pautas culturais e toma de decisións. Produciuse o imparabile desenvolvemento de toda clase de redes y vencillos transnacionais que orixinan, a un tempo, novos procesos e novas formas de

toma de decisións coa participación conxunta de Estados, organizacións intergubernamentais e outros actores da escena internacional.

A economía internacionalizouse e globalizouse, o que supón a aparición de auténticos mercados mundiais capaces de xerar e transmitir coa rapidez da luz innovacións tecnolóxicas, cambios na produtividade, movementos financeiros, crises e convulsións xeneralizadas, tendo moito que dicir en todo iso o chamado “capitalismo de casino” da especulación financeira internacional. Esta revolución de dimensións mundiais produciu tamén unha substancial transformación da estrutura social, alterando os tradicionais roles ocupacionais, orixinando situacións de precariedade laboral, paro estrutural e marxinação, cambiando a distribución de tempo de traballo e de ocio, potenciando o individualismo e reducindo os espazos de solidariedade e o ámbito do público, etc. As relacións internacionais experimentaron tamén unha serie de mutacións espectaculares. Púxose fin ás divisións xeopolíticas posteriores á Segunda Guerra Mundial, e substituíuse a anterior estrutura e dialéctica bipolar entre bloques por unha nova realidade internacional multipolar e policéntrica, e por un auxe e afianzamento das institucións de proxección e ámbito mundial, e todo iso a pesar da ameaza da implantación a nivel planetario dun neoimperialismo e unilateralismo.

E finalmente, como consecuencia de todo iso, sobrevén a crise e a revisión da propia institución estatal, a que, despois de séculos de andadura e de progresivo afianzamento ao longo e ancho do planeta, comeza a dar mostras evidentes de incapacidade e insuficiencia para garantir, cando menos por si mesmo, a gobernabilidade das sociedades humanas. Tal crise afecta tanto á estrutura tradicional do poder, que comeza a cambiar de residencia para ir pouco a pouco a situarse nas organizacións de ámbito supranacional e planetario, como á cultura, aos valores e ás ideoloxías políticas de ámbito e referencia nacional, cada vez máis inadecuadas para comprender e orientar os procesos económicos, sociais, científicos, tecnolóxicos, culturais, etc. O poder político actual, que aínda é predominantemente estatal e nacional, pódese dicir que éo xa en fase de transición,

debido á aparición de novos problemas, novas realidades e desafíos que, definitivamente, xa non poden ser tratados e resolvidos exitosamente no marco do Estado. En efecto, estas xigantescas transformacións do mundo actual veñen acompañadas polos chamados problemas globais da contemporaneidade, os cales ultrapasan os límites e a capacidade estatal, non recoñecendo xa fronteira nacional ningunha. É o caso da destrución progresiva do medio ambiente, da explosión demográfica, da ameaza das armas de destrución masiva, do terrorismo e crime organizado, da conculcación dos dereitos e liberdades fundamentais, da fame, do agravamento da fenda Norte-Sur, etc. Como consecuencia de todo iso, fóronse creando densas redes de relacións e interdependencias, tanto rexionais coma globais, que pouco a pouco van escapando ao control dos Estados; e foi aparecendo tamén todo un universo de organizacións e réximes internacionais, ademais de outros actores globais, que van limitando ou suplantando, segundo os casos, o poder e a acción dos Estados.

As instancias supranacionais e mundiais apuntan e asoman, pola forza dos feitos, no horizonte político do planeta e, neste senso, a chamada revolución mundial está propiciando novas formas e estruturas políticas e institucionais, novas formas e imaxes de gobernabilidade, máis amplas, integradoras e globalizadas, tanto de dirección como de integración, participación e control. O mundo que agora comeza caracterízase por esa tendencia crecente a crear unha estreita interconexión entre o local, o nacional e o global, producíndose ao mesmo tempo unha crecente superación e desbordamento do Estado. Este xa non é de ningunha maneira a única fonte de deseño e elaboración de políticas públicas que afectan aos seus membros. Ademais, moitas das decisións adoptadas polos gobernos nacionais xa non van a afectar exclusivamente aos seus propios cidadáns. En consecuencia, a viabilidade das entidades estatais para a adopción de decisións plantexa serias interrogantes, o mesmo que a idea dunha comunidade que se goberna a si mesma de forma efectiva e determina autonomamente o seu propio futuro (Held, 1997).

E a todo iso engádesse o ingrediente da globalización, entendida como a progresiva interdependencia a escala mundial, e que constitúe un proceso que crea vencellos e espazos sociais, culturais e económicos transnacionais; o que significa, por unha parte, renunciar a unha premisa básica das nosas sociedades tradicionais, a saber, a idea de vivir e actuar nos espazos pechados e reciprocamente delimitados dos Estados nacionais e das súas respectivas sociedades nacionais e, por outra parte, vernos incitados a actuar e convivir superando todo tipo de fronteiras e divisións, mergullándonos cada vez máis en formas de vida transnacionais (Giddens, 1997). A globalidade rompe e erosiona, de maneira irreparable quizais, tanto á sociedade como ao Estado nacional, establecendo ao mesmo tempo unha multiplicidade de conexións e relacións novas de poder e competitividade, ao tempo que uns conflitos e entrecruzamentos entre diferentes actores, espazos, situacións e procesos nacionais e transnacionais.

O avance xeral do conxunto da globalización conduce, ademais, e de maneira inexorable, á aparición da *política mundial postinternacional e policéntrica* (Rose-nau, 1990). Iso significa que a humanidade empezou a deixar xa atrás a época da política internacional que se caracterizou polo feito de que os Estados nacionais dominaban e monopolizaban o escenario internacional. En diante, os actores nacionais-estatais deben compartir escenario e poder globais con organizacións internacionais, así como con empresas, movementos e organizacións transnacionais, ademais doutros actores nacionais, subnacionais, etc. Asimesmo, a estrutura monocéntrica de poder dos Estados nacionais rivais vaise substituíndo por un reparto de poder policéntrico, que fai que un gran número de actores transnacionais e nacionais-estatais compitan ou cooperen entre si. Unha das principais consecuencias e manifestacións do anterior constituíana, sen dúbida ningunha, os crecentes procesos de integración continental ou rexional, a través dos cales o poder, precisamente, se comparte, divide e equilibra, perde o monopolio estatal e empeza a ter outros ingredientes, referentes e vinculacións. Así no marco de novas entidades espaciais e territoriais, xorden outras formas de

poder e de exercicio de poder, outras maneiras de entender e practicar o goberno das nosas sociedades.

Así pois, a gobernanza, considerada como modo alternativo de xestionar os asuntos colectivos, é a consecuencia deses cambios fondos producidos nas nosas sociedades, sometidas a un intenso e incesante proceso de diversificación e especialización, incrementando a diversidade e complexidade da mesma, onde o nivel de especialización e influencia de moitos axentes é cada vez maior, onde a diferenza entre o público e o privado cada vez difumínase máis, e na que o modelo multipolar, posnacional e policéntrico estase impondo mediante a constitución de redes de actores á vez autónomos e interdependentes. Tanto a complexidade como a diversificación e a globalización están condicionando, desta maneira, as bases e os modos tradicionais de xestionar o conflito colectivo, tanto a escala local como estatal e internacional. O poder político, así como as súas institucións formais (parlamentos, gobernos, administración pública, poder xudicial), experimentan cada vez maiores dificultades para responder ás distintas formas de complexidade e á incesante mutación dos valores sociais, carecendo ao mesmo tempo dos recursos suficientes para xestionar os novos *issues* e para facer fronte á “sociedade do risco”. A gobernabilidade das nosas sociedades non está garantida, polo que a lexitimidade do Estado e do sistema político no seu conxunto está en entredito. Imponse a gobernanza.

1.5. A Gobernanza Europea

No eido da Unión Europea estanse a detectar unha serie de feitos e actuacións que apuntan á aparición de novas dinámicas de gobernanza. É máis, pode afirmarse que en gran medida a UE está funcionando xa conforme aos parámetros da gobernanza, caracterizada pola interdependencia e interacción de organizacións económicas, sociais e políticas, pola especialización tanto funcional como institucional, así como pola fragmentación das políticas; e iso

como consecuencia principalmente da extraordinaria orixinalidade do seu sistema político e institucional, diferente do modelo conceptual do Estado-nación e apuntando cara unha Unión posoberana e posestatal. A través destas certas pinceladas, Francesc Morata (2004: 30) axúdanos a identificar este novo escenario que pouco a pouco se vai configurando: “Achamos unha multiplicidade de actores específicos en cada sector de intervención; relacións de interdependencia entre eles; obxectivos compartidos; divisións borrosas entre o sector público e os intereses privados; e, por último, numerosas e novas formas de acción, intervención e control”.

En efecto, e conforme á aproximación conceptual efectuada no epígrafe anterior, cada vez resulta máis visible a presenza do modelo de gobernanza dentro do espazo europeo, caracterizado por formas sociopolíticas interactivas de goberno (Rhodes, 1997); por un proceso político altamente complexo e labiríntico (do que son unha mostra ben palpable os innumerábeis comités consultivos e grupos de traballo das principais institucións da Unión); pola presenza de múltiples e variados actores implicados, tanto públicos coma privados, e de diferentes niveis, que tratan de coordinar os seus esforzos e compartir os seus recursos (cognoscitivos, técnicos, financeiros, mediáticos, institucionais...) de cara á xestión do conflito, á resolución funcional de problemas e á creación de oportunidades neste novo ámbito supraestatal, suplindo así a incapacidade e insuficiencia do actor estatal considerado individualmente. Un procedemento, ademais, que debido á súa propia natureza facilita a presenza de diversos mecanismos de pesos e contrapesos á hora de tomar decisións (Moravcsik, 2002). Tanto a formulación como a implementación das políticas comunitarias poñen en evidencia que todas as partes ou socios intervintes son portadores de intereses altamente diverxentes, e ata contrapostos, en ocasións, lo que xera tensións e conflitos entre eles. Nestes casos, que adoitan ser moi frecuentes, soamente logo de complicadas e longas negociacións é cando esas posicións e eses intereses discordantes poden – e en moitos casos só temporalmente – reconciliarse,

posibilitando que os diferentes socios ou actores (non iguais en estatus e en poder de presión) acaden un acordo.

A necesidade de aportar e compartir os seus respectivos recursos para facer fronte aos cambios e “issues” producidos polo proceso de integración (europeización), vai xerando unha forte interdependencia entre os distintos actores, unha acomodación, diálogo e negociación permanente entre as distintas organizacións políticas, económicas e sociais, dando así orixe a novas formas de gobernabilidade, cooperativa e interactiva á vez, e erosionando de paso os principios e dogmas da estatalidade, territorialidade e soberanía. A UE, en canto entidade tendencialmente postestatal, integrada por Estados que van pouco a pouco mancomunando parcelas significativas da súa soberanía, estase a converter nun novo paradigma de gobernabilidade, capaz de xestionar o conflito, articular intereses e xerar oportunidades, superando a relación tradicional entre territorio, función e identidade, aportando unha visión e un *modus operandi* moito máis pluralista, aberto e inclusivo, alonxado do discurso soberanista propio do Estado, e considerando á política como unha area na que converxen e interactúan axendas, ideas e intereses distintos, pero susceptibles en todo caso de ser abordados nun contexto de interdependencia, negociación e acordo.

Como se indicaba anteriormente, a idea de gobernanza, en canto goberno relacional, está tamén asociado ao concepto de rede, descubríndonos un escenario integrado por diferentes actores que se relacionan entre si, en rede, formando estruturas reticulares para negociar e comprometerse en determinadas políticas e na súa implementación. Polo que se refire ao ámbito europeo, a proliferación de extensas redes que representan innumerábeis intereses, grupos e entidades, tanto públicas coma privadas, é xa unha realidade consolidada, sendo Bruxelas, a capital da Unión, o epicentro e lugar aglutinante desta xigantesca malla que se está tecendo. Alí teñen a súa delegación centos de organizacións, e coa intención non só de contactar e defender os seus intereses respectivos ante as máximas instancias decisorias da Unión, senón tamén para relacionar-

se e interactuar entre elas a fin de facilitar así a consecución de obxectivos. A Comisión, a Eurocámara e o Consello, e sen renunciar ao papel da política, tratan de implicar aos actores públicos e privados interesados, estimulando e propiciando instancias e mecanismos de participación e consulta, a través, por exemplo, desa extensa comitología, Foros e órganos consultivos, facendo posible esa cogobernanza, esa gobernanza aberta, esa democracia participativa, que permite compartir recursos, información, coñecementos, perspectivas e, o que é máis importante, negociar e comprometerse en determinadas políticas e na súa implementación.

O concepto de gobernanza aplicado á Unión Europea é especialmente útil non só para permitirmos descubrir a orixinalidade, a singularidade e a complexidade do sistema político da Unión, baseado no Dereito, no equilibrio e na división novidosa entre as institucións, e fundamentado tamén na cooperación, a interdependencia e interacción entre os diferentes poderes e os distintos niveis; énos útil, ademais, para adentrármonos e coñecer mellor as condicións e esixencias deste equilibrio, cooperación e interdependencia que informan o proceso comunitario. A idea de gobernanza descóbrenos e guía a eses ámbitos que, aínda que non pertencen ao núcleo duro do sistema institucional comunitario, cada vez maniféstanse máis relevantes dentro do proceso xeral europeo; máis aínda, a súa implicación na formulación e implementación de políticas públicas, e dende a perspectiva de mellorar a calidade democrática europea, é considerada cada vez máis coma requisito e condición necesaria para acadar tanto a eficacia coma a aceptabilidade e lexitimidade de ditas políticas. É o caso dos actores rexionais e locais, e de aqueles outros pertencentes á sociedade civil como son as organizacións sindicais e patronais (os interlocutores sociais), as asociacións profesionais, as organizacións non gubernamentais, as organizacións de beneficencia, as organizacións de base, as igrexas e comunidades relixiosas, etc.; a través de todos estes axentes implicados os cidadáns vanse sentir máis próximos e partícipes da Unión, reforzando así a lexitimidade das súas decisións e a do conxunto do sistema comunitario.

En suma, a gobernanza permite substituír un modelo predominantemente liñal e vertical, consistente en decidir as políticas dende arriba ou dende un centro xerárquico, por unha especie de círculo virtuoso, baseado nunha participación plural e multinivel, na negociación e a interacción entre os actores e redes comprometidos, e ao longo de todo o proceso comprendido entre a formulación das políticas ata a súa implementación e posterior avaliación.

1.6. A Emerxencia dun Modelo de Gobernanza Multinivel na Unión Europea

Como consecuencia do proceso de integración europea e dos procesos -case simultáneos na maioría dos casos- de rexionalización e descentralización política levados a cabo en distintos países membros da Unión (Portugal constitúe unha notable excepción agás na dimensión municipal), a organización territorial da toma de decisións nesta parte do Vello Continente experimentou nas últimas décadas profundas mutacións. Se ben os Estados membros, a través dos seus gobernos centrais, seguen desenvolvendo un papel fundamental, tanto polo que respecta ao funcionamento e viabilidade das súas respectivas sociedades coma polo que atinxe ao propio proceso de integración europea, non obstante, agora deben operar nun marco político-institucional máis amplo e aberto, máis plural e multinivel, interactuando (co-gobernando) con eses outros obxectos políticos emerxentes: o subnacional e o supranacional. O centro de gravidade política está sendo desprazado, por mor de que, por unha banda, moitas competencias importantes pertencentes tradicionalmente ao nivel estatal (moeda, mercado interior, política agrícola, alfándegas exteriores...) foran transferidas ao nivel supranacional; debido, por outra parte, a que en moitos países europeos, como consecuencia da descentralización política interna, numerosas e importantes competencias foran traspasadas do nivel central ao rexional ou autonómico. En ambos casos fora o Estado, na súa dimensión centralista e unitaria, o que sufriu esa dobre erosión, ese baleiramento, tanto cara arriba coma cara a abaixo, tanto cara a fóra coma cara a dentro.

Por esa causa, a UE preséntase coma un novo espazo político caracterizado pola dispersión da autoridade, polo reparto do poder entre os distintos niveis de goberno (local, rexional, estatal e europeo) e entre os distintos actores implicados, observándose que a fragmentación e reparto de poder é desigual, ao existir variacións e asimetrías importantes entre uns e outros, en función do ámbito ou sector de intervención (Rosamond, 2001), correspondéndolle ao Estado membro aínda un rol predominante. A gobernanza multinivel, plantexada como alternativa á concepción da UE en función exclusivamente, ou ben do poder dos Estados membros (estatocentrismo), ou ben do poder do nivel europeo (supranacionalismo), conleva o reparto do poder de decisión entre todos os niveis territoriais (o europeo, o estatal, o rexional e o local) e entre todos os actores involucrados, xerando entre todos eles unha interacción e interdependencia tanto funcional coma territorial, e no marco dunha orde extremadamente negociada (Sharpf, 1997), isto é, necesitado dun exercicio permanente de negociación e consenso, por mor das, entre outras causas, propias limitacións e singularidades institucionais do sistema comunitario.

Aínda admitindo que os Estados seguen sendo a chave mestra do proceso europeo, e que están aínda lonxe de ter sido esvaídos nese xigantesco magma de redes, actores e círculos concéntricos que recorre a Unión, hai que recoñecer que os Estados cada vez teñen menos capacidade para impoñerse e manexar ao seu antollo á UE, véndose na obriga de interactuar nunha área común e plural que os limita e modera. Eles xa non poden determinar unilateralmente a axenda europea, entre outras razóns porque xa non son os únicos actores relevantes e decisorios, nin poden tampouco controlar na súa totalidade nin as institucións nin o proceso supranacional que eles mesmos viñeran implantando nas últimas décadas. O método decisional da Unión, baseado na busca do consenso – con todos os seus inconvenientes, como é o caso das xa endémicas negociacións á baixa –, ou o retroceso, tanto pola vía dos feitos coma pola vía das reformas legislativas, do dereito de veto estatal, foron pouco a pouco erosionando o tra-

dicional hexemonismo e unilateralismo dos Estados. En fin, a propia comitología comunitaria, nun principio instrumento auxiliar importante en poder dos Estados membros, acabou converténdose nun cauce de participación para as Rexións, os entes locais e outros moitos axentes representantes de intereses privados ou sectoriais.

Neste sistema de gobernanza de múltiples niveis, os distintos actores públicos e institucionais, xunto con outros privados pertencentes á sociedade civil, comparten, en lugar de monopolizar, decisións sobre amplas áreas competenciais. Deste xeito, da dominación e dirección uniforme e exclusiva por parte dos Estados membros, estase a transitar á emerxencia dun patrón altamente complexo, variado e plural, non xerárquico, de interacción entre actores diversos. Nesta nova *políteia* europea as relacións entre os actores políticos definidos territorialmente van caracterizarse pola súa estrutura multipolar, na que actores diversos participan e inciden de maneira directa en áreas supraestatais, estatais e rexionais ou locais (Llamazares e Marks, 1999). Actores subestatais dun Estado interactúan con actores subestatais doutros Estados, con actores e institucións supranacionais, con gobernos estranxeiros, con organizacións internacionais ou transnacionais, etc., dando lugar a unha intrincada e ampla rede de relacións. Neste contexto, as áreas supranacional, nacional e subnacional xa non só teñen puntos de contacto, senón que se entrelazan e crean unha situación de interdependencia cada vez máis densa e crecente.

A aparición deste novo sistema político europeo, plural e composto por niveis e instancias de gobernos múltiples e heteroxéneos, está creando novos marcos e contextos de oportunidade que ofrecen posibilidades inéditas para a expresión e canalización de intereses, así como para a participación na formulación das políticas públicas relativas aos diferentes ámbitos e niveis político-territoriais. Concretamente, os movementos rexionalistas e nacionalistas periféricos atoparon apoio e soporte para as súas reclamacións no ámbito da nova *políteia* europea; os actores subestatais víronse beneficiados por un incesante incremen-

dos órgãos mais importantes de coordenação, assim como um fórum político onde se podem tratar assuntos comuns e expor e trocar experiências, podendo corrigir um défice de comunicação, cooperação e coordenação. No caso particular de Espanha, onde existe pelo menos uma reunião anual e onde os acordos alcançados devem traduzir-se em orientações políticas que obrigarão inclusivamente o Governo a convertê-las em lei no caso de serem alcançadas por consenso, a Conferência de Presidentes terá também que desempenhar uma importante função de arbitragem e coesão do modelo territorial, principalmente nos casos em que as Conferências Sectoriais tivessem dificuldades para alcançar acordo, por exemplo em relação a modelo de financiamento, imigração, sistema de ciência e investigação, participação das comunidades autónomas na União Europeia ou em reformas constitucionais e estatutárias.

Em definitivo, a relação de cooperação entre os governos de Espanha (central, regional e local) é possível de diversas maneiras:

- A Constituição permite às comunidades autónomas que participem na eleição dos senadores, apresentem propostas de lei às *Cortes* e que celebrem convénios entre si.
- As Conferências Sectoriais constituem um órgão consultivo originário do Projecto de Lei Orgânica de Harmonização do Processo Autónomico (LOAPA), posteriormente anulada parcialmente pelo Tribunal Constitucional, sendo um instrumento de coordenação vertical, para que as suas decisões não se relacionem com matérias da competência das comunidades.
- Nas Comissões Mistas de Transferências, discutem-se os serviços, os funcionários públicos e os recursos materiais transferidos pelo Estado. Em sequência, as Comissões Bilaterais tratam de convénios e resoluções de conflitos.
- Existem vários instrumentos com diversas modalidades de planeamento conjunto: convénios, parcerias e associações de nível local, redes de municípios de média dimensão, formando comunidades urbanas e áreas metropolitanas.

A cooperação territorial e político-administrativa no nível local tem conhecido grandes progressos, no quadro de uma ampla reforma associada aos Estatutos de Autonomia. Destaca-se neste processo a criação da Conferência Sectorial de Assuntos Locais (CASL), constituindo o órgão colegial máximo de cooperação entre a administração do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, representadas pela Federação Espanhola de municípios e Províncias. De entre os compromissos da CSAL, inclui-se uma análise de projectos-lei como a Lei de Bases do Governo e da Administração Local, o Regulamento das Eleições Locais, a Lei sobre Propriedades Locais, o incentivo de Convénios Locais Autónomos e o início de uma Conferência de Cidades.

O Livro Branco produzido sobre a matéria oferece um quadro para a análise da situação do governo local em Espanha, considerando que o município é o terceiro pilar sobre o qual assenta a articulação territorial do Estado. Este esforço para reformar a posição local recebe impulsos também a partir das comunidades autónomas, como ocorre no caso do Departamento de Governança de Andaluzia, que elaborou o seu próprio *Libro Blanco para la reforma del Gobierno Local en Andalucía*.

Debate e Posições

A Constituição espanhola de 1978 resolveu com êxito os grandes problemas históricos de Espanha, e após um quarto de século de vigência, pode afirmar-se que consolidou as linhas mestras das questões essenciais da democracia, muito embora continuem as imperfeições da organização territorial do poder, ou seja, da forma do Estado. Embora se termine com o secular modelo de Estado centralista ao institucionalizar-se o Estado das autonomias, tal não permitiu resolver de vez o problema ou a “questão regional”. Efectivamente, o Estado autonómico necessita de uma revisão permanente e é questionado sistematicamente, principalmente pelas formações nacionalistas, que reclamam pela

construção de un Estado de tipo confederal que reconheça a soberanía de das várias nações existentes en Espanha e o seu direito à autodeterminação.

Considerando os resultados não desejados e os males que se atribuem ao modelo autonómico, tem-se vindo a formular uma grande quantidade de propostas de reforma, o que constitui un claro sinal da complexidade do problema e o grau de descontentamento que rodeia actualmente o Estado autonómico. E se uma boa parte tem por intenção encontrar uma solução dentro do modelo modelo constitucional autonómico, outras entendem que a única solução para o problema é a saída do quadro autonómico e, por tanto, do próprio contexto constitucional. Entre as várias opções, salientam-se como propostas de:

- Federalismo simétrico, cooperativo e executivo, de tipo alemão, caracterizado pela homogeneidade entre as comunidades autónomas y pelo predomínio das relações de cooperação multilateral. Segundo este o nivel central continuari a desempenhar funções importantes, por ejemplo, de política fiscal de carácter homogéneo tendo em vista conseguir a redistribuição da riqueza tanto entre as comunidades como entre todos os cidadãos espanhóis.
- Federalismo assimétrico assumido, o que permitiria reconhecer a heterogeneidade interma, com especiais competências e serem atribuídas a algumas comunidades autónomas (Cataluña, Navarra, Galicia, País Vasco, Canarias).
- Reformar o Senado para o converter numa câmara legislativa autenticamente territorial, ou seja, de representação das comunidades autónomas.
- Eliminação do dispositivo que permite que o Estado funcione *à la carte*, assumindo o recusando competências de acordo com conveniências ou caprichos conjunturais.
- Melhorar o sistema de financiamento autonómico, para, por um lado, garantir a unidade do ordenamento jurídico tributário e a suficiência financeira do

Estado e das comunidades autónomas, por outro, para dar cumprimento do principio de solidariedade.

- Articular a participación das comunidades autónomas no sistema institucional da Unión Europea, possibilitando simultaneamente a acción exterior das comunidades quando estejam en xogo competencias propias.
- Incorporar o Tribunal Constitucional, ao Tribunal Supremo e ao Consello Xeral do Poder Judicial magistrados designados pelas comunidades autónomas, para mellorar o seu carácter arbitral e garantir a súa sensibilidade autonómica.
- Desenvolver a concretización do que dispón a Constitución nos artigos 3.3 e 149.2 para facilitar a comunicación cultural entre as comunidades autónomas e fomentar, assim, a riqueza das distintas modalidades lingüísticas e outros elementos culturais que conforman o conxunto do Estado.
- Reafirmar a potencialidade integradora da Disposición Adicional Primeira da Constitución, que non apenas declara amparar e repetir os dereitos históricos dos territorios forais, como se compromete à súa actualización xeral.
- Finalmente, entre as propostas de ruptura destacan-se as que advogan a autodeterminación, a confederación, a unión con a Coroa, a co-soberanía ou a teoría dos fragmentos do Estado.

Métodos

Entre as diversas fórmulas de cooperación vertical entre o Estado e as comunidades autónomas podemos destacar algunhas emprendidas por determinados ministerios.

O Método Aberto de Coordinación foi implementado no proceso de elaboración do *Plan Nacional de Acción para la Inclusión Social 2003-2005*. Este plano pre-

tende: promover uma política de ensino abrangente que englobe todos; reforçar a escolaridade obrigatória de modo a dar resposta às necessidades das sociedades mais vulneráveis; promover a educação para crianças dos 0 aos 3 anos de idade de classes menos favorecidas; reforçar a articulação entre o ensino e o mundo laboral e promover o ensino básico para adultos em risco de exclusão.

O Ministério da Saúde e do Consumo aplicou este método na Estratégia Global para um Sistema de Saúde Descentralizado, tendo como principais linhas orientadoras: 1) Equidade, solidariedade e segurança, 2) Mais saúde em todas as fases da vida, 3) Prevenção de doenças e acidentes pessoais, 4) Estratégias multi-sectoriais para a saúde, 5) Um sector de saúde orientado por objectivos, 6) Políticas de inovação e modernização. O MAC (Método Aberto de Coordenação) tem sido implementado na definição de objectivos comuns, que se reúnem na Estratégia da Organização Mundial da Saúde (OMS), e as linhas de acção na área da saúde, definindo indicadores para vigiar os resultados, permitindo que cada participante escolha as acções a desenvolver. A justificação consiste no facto de que obedece à estratégia de saúde da Região Europeia da OMS desde 1998, é consistente com os objectivos e instrumentos estabelecidos pela Lei de Coesão e Qualidade do Sistema Nacional de Saúde (SNS), permite uma visão intercalar do SNS no seu conjunto, promove as acções intersectoriais, a direcção das autoridades de saúde e a capacidade dos cidadãos. Implica igualmente uma reflexão sobre o papel do Ministério da Saúde e Consumo (MSC) e CISNIS no contexto de um sistema de saúde descentralizado.

O Ministério da Educação e da Ciência tem aplicado este método no Plano Nacional da Investigação e do Desenvolvimento + Inovação 2004-2007. Com vista a atingir os objectivos do plano, adoptaram-se as orientações e objectivos principais estabelecidos para a área comunitária; a interpretação de tais orientações em relação às medidas e acções de políticas nacionais; e a avaliação comparativa destas medidas e acções com as de outros Estados Membros para favorecer a convergência e a aprendizagem conjunta.

Formas de Cooperação

O Plano de Desenvolvimento Regional em Espanha 2000-2006 (para as regiões Objectivo 1) foi elaborado pela Direcção Geral de Fundos Comunitários e Financiamento Territorial com a colaboração das comunidades autónomas interessadas, no qual estão contemplados os problemas estruturais das regiões, bem como a estratégia e as prioridades de acção e os indicadores de recursos financeiros para dar resposta aos problemas específicos de cada região.

A Comissão Nacional da Administração Local foi criada com base nos artigos 117º-119º da Lei nº 7/1985, e constitui uma entidade que actua como espaço permanente de cooperação entre a Administração do Estado e a Administração Local. Integra-se orgânica e funcionalmente no Ministério das Administrações Públicas. Esta comissão é constituída pelo mesmo número de representantes de entidades locais e da administração do Estado que determinará o Governo central.

No plano autonómico existem projectos de cooperação destinados a aproximar as organizações autonómicas aos cidadãos, em linha com alguns dos princípios da governança, tais como:

- Na Catalunha, a *Generalitat* (Governo Regional) criou a *Administració Oberta de Catalunya*, um projecto cujo objectivo principal consiste em reforçar as relações entre as administrações, os cidadãos, as empresas e os profissionais na Catalunha através da utilização de novas tecnologias de informação e comunicação. CAT365 é a página web oficial dos serviços integrados das administrações catalãs e está disponível 24 horas por dia.
- Na *Comunitat Valenciana*, foi constituída a *Fundación Comunidad Valenciana-Region Europea*, com vista a promover o envolvimento da comunidade nas políticas e acções da UE e impor o seu conhecimento. Não se trata de uma fundação sem fins lucrativos e é de duração sem termo, sob a tutela da

Generalitat Valenciana, em conformidade com a legislação que se aplica. Em particular, dará apoio ao *Consejo del Generalitat* no âmbito das suas competências, bem como em outros domínios de interesse geral para a comunidade relacionados com a política europeia.

- Na *Comunidad del Principado de Asturias*, *La Red Asturiana de Información y Sensibilización Europea* (Red Eurastur), constituída em 9 de Maio 2001, tem como objectivo principal a optimização de todas os recursos disponíveis no principado, visando desenvolver informação e acções de sensibilização relacionadas com o processo da integração europeia. Pretende facilitar o acesso rápido à informação sobre assuntos europeus a todos os cidadãos e entidades públicas, assim como privadas, e conseguir o mais elevado nível de coordenação possível nas acções de sensibilização para que a sociedade perceba as suas repercussões. ●



3. A COMUNIDADE DE TRABALLO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL E A GOBERNANZA

3.1. Aspectos de Gobernanza Eurorrexional en Galicia e o Norte de Portugal

■ Xa se constatou nos apartados anteriores do libro Galicia e o Norte de Portugal constitúen realidades políticas e administrativas diferentes, integradas en contextos intergubernamentais e multinivel heteroxéneos (Estado descentralizado con tendencias federalizantes *vs.* Estado unitario e centralista), con organizacións territoriais que son froito desta tensión política (Comunidade Autónoma con competencias lexislativas *vs.* Rexión administrativa¹) o que, sen dúbida, supón dificultades á cooperación entre ámbalas dúas rexións fronteirizas. Un breve resumo institucional e político-administrativo en forma de cadro axúdanos a lembrar estas diferenzas que cremos son, en si mesmas, base para a integración da Eurorrexión e o funcionamento futuro da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal (ver cadro páxina seguinte).

¹ No espazo comprendido por esta Região Administrativa (englobado baixo a xenérica denominación de NUT II) conviven diferentes estruturas administrativas que se corresponden con outras tantas dimensións de administración: seguridade pública, protección civil e representación do Estado (Distritos); ordenación do territorio e ensino (NUT II); agricultura (Subregiões Entre Douro-e-Minho e Trás-os-Montes e Alto-Douro); vid. Decreto-Lei nº 244/2002, de 5 de novembro, e Regulamento (CE), núm. 1059/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, polo que se establece unha Nomenclatura Común de Unidades Territoriais Estatísticas (NUTS).

:::AGOBERNANZANAUEURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL:::AGOBERNANÇANAUEURO-REGIÃO GALIZA-NORTE DE PORTUGAL:::

Cadro de variables políticas, administrativas e institucionais de Galicia e Norte de Portugal

	España	Portugal	Galicia	Norte de Portugal
NUTs I	7 Agrupacións de Comunidades Autónomas	3 Territorios no Continente	Galicia, Asturias e Cantabria	PTT
NUTs II (Rexións)	17 Comunidades Autónomas e dúas Cidades Autónomas	2 Regións Autónomas (Açores e Madeira) e 5 Comissões de Coordenação e Desenvolvemento Regional ²	Comunidade Autónoma de Galicia	Região Norte
Tipo de Rexión	Autónomas	Autónomas e Administrativas	Político-administrativa	Inexistentes ³
Institucións de Goberno	Goberno Autónomo	2 Gobiernos Autónomos e 5 Comissões de Coordenação e Desenvolvemento Regional	Xunta de Galicia	Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte (CCDR-N)
Sistema de Goberno		Parlamentarista		Sen goberno, órgano de dirección descentrado dependente do Ministério das Cidades, Ordenamento do Território e Ambiente.
Sistema de Elección		Directa con sufraxio universal		Inexistente
Cámara Lexislativa		Si		Inexistente
Poder Executivo		Si		Inexistente

² Non existindo as Regiões Administrativas na estrutura territorial portuguesa a actual división rexional é coordinada polas CCDR (Decreto-Lei nº 104/2003 de 23 de maio), como entidades administrativas de ordenación territorial con carácter local, isto é, son poder local ao igual que municipios e Freguesias (vid. Oliveira Rocha e Filipe, 2003).

³ Referéndum de 8 de novembro de 1998 sobre a rexionalización en Portugal, que contou cun 49,16% de participación, un 63,47% de voto negativo á primeira pregunta (“Estaría de acordo coa creación de rexións administrativas?”), e un 64,01% á segunda (“Estaría de acordo na creación da rexión administrativa da zona na que está censado?”); vid. López Mira, (2001: 112-197).

	España	Portugal	Galicia	Norte de Portugal
Poder Xudicial				
NUTs III (Provincias, Subregións e Distritos)	Si 50 Provincias (de Réxime Común e de Réxime Foral), ademais das entidades insulares	30 unidades NUT III	Dependente do Estado A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra	Inexistente Alto Trás-os-Montes, Ave, Cávado, Douro, Entre Douro e Vouga, Grande Porto, Minho-Lima, Tâmega (5 Distritos: Porto, Braga, Bragança, Viana do Castelo e Vila Real)
Entidades Supralocais	2 Áreas Metropolitanas, 997 Mancomunidades, Comarcas e 536 Consorcios	3 Grandes Áreas Metropolitanas, Comunidades Urbanas, Comunidades Intermunicipais (de Fins Gerais e Associações de municípios)	39 Mancomunidades 27 Consorcios (Pendentes aprobación Lei Áreas Metropolitanas en Vigo e A Coruña)	Grande Área Metropolitana de Porto e Grande Área Metropolitana de Minho; Comunidades Urbanas de Douro, Baixo Tâmega, Valimar, Vale do Sousa e Trás-os-Montes; Comunidade Intermunicipal de Vale do Minho ⁴
Concellos⁵	8.109 Municipios	308 Concelhos 4.257 Freguesias	315 Concellos 3.781 Parroquias 29.947 Entidades Singulares de Población	86 Concelhos 2.024 Freguesias

⁴ Por mor da confusión creada pola introdución das figuras intermunicipais metropolitanas, comunidades urbanas e intermunicipais, o actual goberno reintroduce o modelo das NUT III potenciando a coordinación intermunicipal, que para o caso do Norte confirma as seguintes unidades: Alto Trás-os-Montes, Ave, Cávado, Douro, Entre Douro e Vouga, Grande Porto, Minho-Lima, Tâmega.

⁵ Neste apartado establecemos unha identidade entre os Concellos galegos e os portugueses sabedores de que Portugal contempla unha división específica de Unidades Administrativas Locais (UAL) pola extensión territorial do seu mapa local ao igual que polo seu amplo rango de competencias autóctonas; así, en Portugal, o nivel UAL.1 corresponderíase coa antiga NUT.4 (308 Concellos), mentres que a UAL.2 (antiga NUT.5, que si existe en España como Municipios) corresponderíase coas Freguesias, quedando as Parroquias e outras entidades infralocais propias do sistema español e galego fóra da tipoloxía de NUTs.

	España	Portugal	Norte de Portugal
Órganos de xestión da Eurorrexión	Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos e Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos do Ministerio de Economía e Facenda	Direcção Geral do Desenvolvemento Regional dependente do Ministerio do Equipamento, do Planeamento e da Administración do Território	Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, Presidencia da Xunta de Galicia (Xunta de Galicia)
			Direcção Regional de Administración Local da Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional - Norte (CCDR-N)

Institucións comúns para a cooperación transfronteiriza

Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

Fonte: *Elaboración propia segundo Oliveira Rocha e Filipe (2003); Márquez Cruz (2006: 5-62; 2004: 423-543); López Figueroa, Méndez Martínez e Souto González (2005: 159-230).*

Todas estas asimetrías político-administrativas, competenciais e institucionais nos respectivos territorios rexionais a un e outro lado do Miño, que inicialmente terían dificultado o fluído contacto entre os pobos que os habitan, víranse superadas polo cotiá intercambio de empresas con intereses económicos comúns, de cidadáns con expectativas de ocio, comerciais, laborais ou de calquera outra índole. Existe unha base histórica, cultural, lingüística, mesmo paisaxística, de indubidable valor que algúns autores xa significaron con éxito e acerto (López Mira, 1998; Domínguez, 2004: 17-21). A iso hai que engadir a democratización de ámbolos dous países nos anos 70, integración europea e factores propios da globalización que achanzaron este camiño bifurcado fai xa máis de nove séculos e que dende mediados da década dos 80 provocaron un renacemento dos contactos transfronteirizos.

Non querendo desviar a atención sobre o obxecto de análise (a gobernanza na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal) trataremos neste capítulo os aspectos máis relevantes de ámbolos espazos que evolucionaron de dous territorios cara a unha Eurorrexión consolidada no contexto comunitario e pioneira nalgúns aspectos de xestión que se revelan a través da figura da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal. Mais, por que personalizar na institución da Comunidade de Traballo o proceso de construción da Eurorrexión?. Entre outras razóns porque somos da opinión de que a través dela conformouse o núcleo de xestión necesario para abordar un reto que inicialmente estivo vencellado ao desenvolvemento e á cohesión (habitualmente en forma de mellora de infraestruturas), pero que foi fiel ao pouso histórico, xeográfico, cultural e lingüístico común. Desta forma a Comunidade de Traballo liderou o proceso de transformación dun simple modelo de cooperación transfronteiriza con riscos de eficacia, cara a outro máis achegado á gobernanza na que se integran variables democráticas e de xestión de redes. Existe unha última razón, e non é outra que a necesidade de facer visible a Eurorrexión nunha institución que integra elementos políticos e técnicos, organizacións locais, redes sociais e empresariais de ámbolos territorios miñotos.

Entre os puntos que tocaremos contemplamos unha breve introdución histórica, unha aproximación estratéxica (co seu posterior diagnóstico básico) no que aparecen aspectos relacionados con factores socioeconómicos, político-administrativos, e incluso organizativos (proprios de la Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal), pero que tamén analizan algúns dos programas de cooperación transfronteiriza (sinaladamente Iniciativa Comunitaria INTERREG) levados a cabo entre ambos territorios sobre todo no período 1994-1999 e 2000-2006.

O obxectivo será o de compoñer o puzzle eurorrexional da maneira máis completa posible, da forma que poidamos inferir do seu proceso de creación, evolución e consolidación, aspectos da gobernanza que resulten significativos non só en cada un dos dous territorios por separado, senón entre eles, véndose así reforzados os aspectos técnicos (de eficacia) de toda cooperación transfronteiriza, pero tamén os de gobernanza (democracia, goberno na rede e aberto), tal e como nós intuimos.

3.2. Contextualización da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal: Análise e Diagnóstico Estratéxico

O plantexamento estratéxico xorde no ámbito das organizacións privadas como modelo de reflexión a través do cal conectar estas organizacións co seu entorno, cos clientes dos seus produtos e servizos (Arellano Gault, 2004). Posteriormente o enfoque estratéxico deriva cara organizacións públicas e tamén cara a territorios baixo a mesma filosofía: analizar o entorno do territorio e/ou a organización, aproximarse aos seus cidadáns e usuarios de servizos públicos e vencellos ás posibilidades reais de xestión destes gobernos-administracións. Esta é a experiencia dun gran número de organizacións e territorios que ao longo e ancho do mundo utilizaron a análise e diagnóstico estratéxico para poder “repensar” as súas realidades, coñecer cales eran as súas posibilidades en forma

de fortalezas e oportunidades, pero tamén as súas limitacións, debilidades e ameazas. No noso caso do que se trataría é de utilizar a parte da metodoloxía que nos ofrece a análise estratéxica para poder enmarcar correctamente as variables que integran a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, coñecer mellor o entorno e a “caixa negra” da Comunidade de Traballo, a súa organización administrativa, así coma as actividades que realiza consideradas como a súa misión principal, de forma que podamos extraer o mellor diagnóstico posible para situalo en clave de gobernanza.

A hipótese que manexamos é que a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal evoluciona dunha institución transfronteiriza estruturada en torno a unha organización administrativa, baseada na xestión de Iniciativas Comunitarias e en principios de Nova Xestión Pública (eficacia, eficiencia, produtividade) co obxectivo fundamental de acadar financiación para os gobernos subnacionais (inicialmente a Comunidade Autónoma-Região, posteriormente Concellos), cara a outro tipo de institución máis integrada na Unión Europea, de carácter transfronteirizo mais tamén transrexional, baseada en criterios de democracia, de gobernanza multinivel para o que vai consolidando unha estrutura de xestión pública intergubernamental (*global*), orientada á xeración de redes de políticas (*policy networks*) que perseguiría a longo prazo unha Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal de carácter máis político.

3.2.1. Aspectos do Entorno

Falar de Eurorrexión é fixar na nosa retina espazos de contactos ancestrais, que nalgúns dos casos teñen máis de dous mil anos, e que, por avatares políticos, derivaron en realidades territoriais diferentes. Non é obxecto deste estudo realizar unha reconstrución do espazo eurorrexional en clave historiográfica (Souto González, 1999), si de marcar algúns fitos que hoxe en día permiten visualizar este marco transfronteirizo coma realidade.

Aínda que a separación efectiva de Galicia e o Norte de Portugal tivo lugar en 1.128, a comunión de ambos territorios é máis que apreciable no cotiá, con episodios políticos anecdóticos que mesmo chegaron a causar graves problemas diplomáticos entre España e Portugal (o Couto Mixto; López Mira, A.X., 2005: 177-183). Para López Mira hoxe en día non só podemos falar dunha realidade galaico-portuguesa, con reigaños na “Gallaecia” romana e sueva, poderíamos chegar máis lonxe aludindo a cidadáns “galaecos españois” e “porto galaecos” (López Mira, 2004: 43-50), a isto axudounos o proceso de construción europea que deu sentido a espazos económicos máis aló das fronteiras, recuperando ademais lugares comúns de identidade cultural e lingüística ancestral, interesadamente esquecidos polas construcións nacionais (do século XIX) que van sucedendo ao longo dos séculos. Estes novos espazos son de cidadanía, non só de Estados, de veciños que se comunican superando os “limes” impostos, que intercambian nun mundo global (e o transfronteirizo é o primeiro paso). Agora ben, esta reconstrución do marco cidadán pódese realizar dende o propio Estado (modelo tradicional) ou dende a integración rexional no contexto comunitario (modelo innovador de cidadanía multinivel); no noso caso somos partidarios desta segunda vía que é a máis real, práctica e apegada aos cidadáns.

España e Portugal voltaron a ollarse coa excusa da Comunidade Europea en 1986, fíu condutor da cooperación transfronteiriza, máis cunha historia que, no caso de Galicia e o Norte de Portugal, sempre estivo presente na conciencia “gallaeca”. Da Europa dos Estados foron transitando lentamente cara a Europa das Rexións (Rojo Salgado, 1991), nun pausado pero claro camiño cara a integración de todos os territorios (incluídos os subnacionais-locais) nesta Europa global e multinivel, e sempre dende a óptica e idea federalista (Rojo Salgado, 1996).

Se asumimos o papel protagonista das colectividade territoriais, dos entes subestatais desta Europa das Rexións, en paralelo ao poder dos Estados-nación (non o esquezamos, actores principais da Unión na actualidade), teremos que situar o punto de análise que nos interesa con relación á Eurorexión Galicia-Norte

de Portugal. Ben, este punto atopáremolo na xenericamente denominada como cooperación transfronteiriza, que se enmarca dentro das axudas que a Unión Europea facilita aos niveis subnacionais de goberno e administración, en forma de política rexional e de cohesión, á sazón, colectividade territoriais e locais, ou entes locais (provinciais-autárquicos) e rexionais (ou NUTs III e II), respectivamente. É aquí onde cobra protagonismo a Europa das Rexións porque é aquí onde se atopan fondos para poder asumir o reto de dar sentido real, económico e incluso político, á actuación dos *meszgobernos* na Unión. O principio básico e innovador sería o da cooperación establecido na reforma da política rexional comunitaria (xunto con concentración, programación e adicionalidade), entendendo por este “unha concertación estreita entre a Comisión e o conxunto de autoridades públicas competentes de cada Estado membro, designadas polo Goberno central para participar en todas as fases da programación, abríase a porta á participación dos gobernos subcentrais na formulación, a xestión, a financiación, o seguimento e a avaliación da política rexional comunitaria” (Morata, 2000: 153).

Na actualidade a institución comunitaria de referencia para este tipo de asuntos é o Comité das Rexións, pero os antecedentes hai que buscalos nesta reforma da política rexional e no mencionado principio de cooperación, sobre todo dende 1988 a través da Decisión da Comisión de creación dun Consello Consultivo dos Entes Rexionais e Locais (Dirección Xeral XVI). Dito Consello Consultivo integrado por membros propostos pola Asemblea de Rexións de Europa (ARE) e polo Consello de Municipios e Rexións de Europa (CMRE) suporía a desaparición do Comité de Política Rexional (Morata, 2000: 154) sendo o antecesor do Comité das Rexións. Pero ademais destas organizacións habería que engadir outras de especial importancia para Galicia (primeira Comunidade Autónoma española en asociarse á ARFE, 1986, dirixindo a CRPM entre 1997-2002) e o Norte de Portugal como a Asociación de Rexións Transfronteirizas Europeas (ARFE) e a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) á que pertence o Arco Atlántico como unha das súas sete Comisións, entidade

que á súa vez impulsou a ARE, e que serviu, entre outras cousas, para consolidar e incrementar a “captura” e canalización de fondos comunitarios de desenvolvemento rexional, en especial os provenientes das Iniciativas Comunitarias.

As Iniciativas Comunitarias están destinadas en consecuencia a dar sentido financeiro (son polo tanto politicamente relevantes) á cooperación transfronteiriza, resultando “instrumentos básicos específicos da política estrutural da Unión Europea, propostos pola Comisión Europea aos Estados membros, coa fin de reforzar a cohesión a través dun desenvolvemento económico e social máis equilibrado” (Izquierdo Barriuso, 2001: 286), con orixe en “as accións específicas fóra da cota creadas en 1979 e dos programas comunitarios do período 1985-1988” (Morata, 2000: 155). Concentraremos a nosa atención nunha soa das Iniciativas Comunitarias, a do Programa INTERREG, desbotando as actuais LEADER PLUS, EQUAL ou URBAN (Regulamento 1260/1999), por entender que:

- Nun primeiro momento a Iniciativa INTERREG II resultou un instrumento estratéxico para consolidar o principio de subsidiariedade e para situar aos gobernos subnacionais no epicentro da política rexional, especialmente de cohesión, para auxiliálos nos problemas derivados da súa situación periférica (non só en relación co centro estatal, senón tamén co centro comunitario), e axudando ao “desmantelamento das fronteiras interestatais (Morata e Muñoz, 1996)” (Morata, 2000: 167). Esta Iniciativa tenta, polo tanto, apoiar accións das colectividades territoriais (entidades rexionais e locais), dando substancia así ao marco multinivel e intergubernamental promovido dende a Unión Europea, e con el, á Europa das Rexións e á incipiente Europa das Cidades (sobre todo grandes cidades e entornos metropolitanos; Morata, 2000: 181-186).
- A Iniciativa INTERREG III dedicada á cooperación transfronteiriza, transnacional e Interrexional na Unión Europea supuxo para España case o 50% dos

fondos do total de Iniciativas Comunitarias para o período vixente (2000-2006): 900 millóns de euros sobre o global de 1.958 millóns de euros. En Portugal os datos son de 418,70 millóns de euros, dos que 291,41 millóns dedicáronse á cooperación transfronteiriza Portugal-España (www.qca.pt). A potenciación de rexións Obxectivo 1 contempladas nos orzamentos dos Fondos Estruturais outorgan un especial papel ás rexións transfronteirizas de Galicia e o Norte de Portugal. Isto puidémolo ver na evolución dos INTERREG (II e III, fundamentalmente), onde a pesar das súas luces e sombras (Izquierdo Barriuso, 2001: 292)⁶, asentáronse as bases da cooperación a un e outro lado da fronteira, máis importante, situouse de novo na axenda política a realidade das rexións periféricas non de Europa, que tamén, senón de España e Portugal, tentando recuperar a conciencia histórica, o pulso político e a identidade cultural de ambos territorios.

- Pero, ademais, a Iniciativa INTERREG fixo visible a estrutura de cooperación transfronteiriza artellada non só en torno a niveis de goberno (rexionais-locais), dende logo, senón tamén de organizacións de diverso signo: “organizacións cooperativas descentralizadas que facilitan a participación dos distintos niveis de goberno e do sector privado no proceso decisonal aportando ao mesmo tempo os seus respectivos coñecementos e experiencias” (Morata, 2000: 183). Seguindo a Morata (2000: 183), os aspectos institucionais aparecen con forza no escenario da cooperación transfronteiriza en torno a dous tipos de innovación (sobre todo nas rexións menos desenvolvidas): “por unha banda, a programación e a avaliación deron lugar a procesos de aprendizaxe

⁶ Como subliñaría esta autora “Los resultados del período anterior [INTERREG II] demuestran que los avances conseguidos no han sido espectaculares, dada la dificultad que entraña desarrollar programas de cooperación transfronteriza de manera conjunta. Algunos proyectos han avanzado de forma independiente a ambos lados de la frontera, impidiendo la consecución de los fines de la Iniciativa INTERREG. Por otro lado, sin embargo, es destacable el grado de experiencia adquirido en la cooperación entre autoridades locales, regionales y nacionales en relación con la integración de las zonas transfronterizas”; vid. Izquierdo Barriuso, 2001: 292.

permanentes; por outra, a mobilización dos axentes públicos e privados a nivel local fomentou a acumulación de capital social e a creación de redes de políticas públicas”. Isto, unido á necesaria redefinición dos papeis estratégicos dos Estados-nación no contexto da política rexional comunitaria e a reforma da mesma en 1988 (Iniciativas Comunitarias), produce “por arriba” acordos de coparticipación Estados-Gobernos subestatais nas decisións comunitarias (evidentemente máis facilmente asumíbeis en modelos federais, pero tamén nos unitarios-descentralizados coma o español), así como “por abaixo”, de forma cooperativa a modo de redes de rexións e cidades transfronteirizas con máis ou menos poderes político-administrativos, sentando as bases da gobernanza multinivel (Hooghe y Marks, 2000), comprendendo nela non só á *Europa das Rexións* senón tamén á *Europa das Cidades* (Morata, 2000: 185).

- Se o plano institucional resultou clave nestes últimos anos, reafirmándose na cantidade (número de institucións implicadas na cooperación transfronteiriza, diversidade de políticas públicas implementadas) e calidade (efectos acadados no territorio e poboación a través destas Iniciativas Comunitarias); dende o punto de vista da xestión pública, isto é, dos elementos necesarios para poder xestionar correctamente as Iniciativas Comunitarias a través destas organizacións cooperativas e descentralizadas (persoal, financiación, tecnoloxía...), hai que destacar a potenciación de elementos de coordinación intergubernamental e multinivel en catro dimensións:
 - i) a propia de xestión intergubernamental entre os diferentes niveis territoriais de goberno nun Estado membro: UE-Estado-Rexións-Municipios;
 - ii) a relativa aos modelos de cooperación horizontal entre rexións, entre gobernos locais (asociacións de municipios) e entre ambos (consorcios);

- iii) os recursos que se extraen da cooperación entre os diversos actores participantes nas redes de cooperación transfronteiriza (modelos de partenariado público-privado);
- iv) e, por último, e aquí radica a esencia da cooperación transfronteiriza, aqueles que teñen que ver coa xestión das unidades administrativas, comisións, etcétera, que integran as institucións da cooperación transfronteiriza (Eurorrexións, Comunidades de Traballo, Asociacións Transfronteirizas de Municipios⁷...). No noso caso, terá especial relevancia a análise da xestión desenvolvida nas institucións que integran esta última dimensión: a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (tratado no capítulo seguinte).

- Entendemos que, ademais de todos estes factores de relevancia que xustifican a necesidade de acudir á análise da Iniciativa Comunitaria INTERREG, hai un último punto que, non por deixar de formar parte dos seus obxectivos é menos importante, e que aparece nos discursos políticos dos responsábeis e das institucións que xestionan a cooperación transfronteiriza, comezando por conseguinte a situarse na axenda política das mesmas: a substanciación política da Eurorrexión. Noutro lugar tivemos ocasión de referirnos a este feito de singular relevancia para as estruturas transfronteirizas, que noutras realidades eurorrexionais xa se atopan funcionando, pero que son alleas a Galicia e o Norte de Portugal. A *politización* da Eurorrexión, a súa construción como entidade política (en certo modo similar ao proceso seguido pola Unión Europea na súa constitucionalización), a dotación de sentido de goberno e identidade propia como suxeito político, o afondamento nos valores democráticos de participación de todos os actores nela implicados, é algo

⁷ Sobre esta última fórmula de asociacións locais transfronteirizas é recomendábel o traballo realizado por Rodríguez Álvarez, a pesares de que non inclúa o caso do Eixo Atlántico coma tal; vid. Rodríguez Álvarez, 2002.

que retrasouse conscientemente por parte dos gobernos estatais de Madrid e Lisboa. As axendas políticas española e lusa acordaron non incorporar esta cuestión aos seus traballos fomentando unha Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que funciona dende o punto de vista da xestión, que é innovadora na proposta e resolución de proxectos transfronteirizos, pero que se acha orfa de sentido político e capitidismuída na toma de decisións. O debate, en troques, continúa aberto entre os actores da Eurorrexión (nunca foi abandonado pero si sufriu episodios de diferente intensidade política), cuestión que podemos ver reflectida nas conclusións dos *II Estudos Estratégicos do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular* (Souto, Bouzada e Figueiredo, 2005), desenvolvidas en forma de debate e publicadas polo Eixo Atlántico en 2005; abonde lembrar as palabras de Daniel Bessa referidas á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal no debate: “A região, em si, existe; não sei é se existe para si, inscrita nas preocupações conscientes e estratégicas dos seus actores, antes de mais, dos seus actores políticos... Estamos a falar de política [en relación con la Euroregión y el Eixo Atlántico]. E política é fundamental. Para termos política, o Prof. Valente de Oliveira afirmou que temos de prestar atenção às redes, e tirar partido das redes. Sem estar em desacordo, o que eu quero dizer é que política é fundamental, e que não concebo política sem liderança e sem estratégia” (Bessa, 2005: 34,35).

Segundo todos estes argumentos (de xestión, institucionais, normativos e mesmo políticos), as Iniciativas Comunitarias INTERREG resultarían un dos instrumentos financeiros máis axeitados a través dos que vehiculizar a gobernanza transfronteiriza na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Porén, existe un elemento da gobernanza que non podemos esquecer, que dá sentido ás políticas, multinivel, que provoca a acción de “governar sen goberno”: os actores da rede. Aos efectos do presente capítulo, e seguindo unha perspectiva politolóxica, entendemos a rede coma “redes de políticas” (*policy network*) definidas coma “conxunto de relacións relativamente estábeis entre actores públicos e privados

que interactúan a través dunha estrutura non xerárquica e interdependente, para acadar obxectivos comúns respecto á política” (Chaqués Bonafont, 2004: 36). Esta perspectiva das redes dende as Políticas Públicas, amplamente desenvolvida na tradición postfederalista norteamericana dende o enfoque das Relacións e a Xestión Intergobernamentais (Wright, 1997 e Agranoff, 1997), e recuperada recentemente polo paradigma da gobernanza e a súa aproximación multinivel no escenario comunitario (Morata, 2004), é perfectamente aplicable ao noso obxecto de estudo situado de forma clara no espazo territorial que comprende a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e no cal desenvólvese a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal. Este actor que representa á Xunta e CCDR-N, intreractúa en diferentes areas de políticas na que participan outros actores públicos como Concellos, Deputacións Provinciais, Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, Associações de municípios (gallegos y portugueses), Área Metropolitana de Porto e, nun futuro, Áreas Metropolitanas en Galicia; actores privados (Caixas de Aforros, Bancos, Empresas, Confederacións empresariais e Cámaras de Comercio, Organizacións Sindicais); así coma sociais e de investigación (organizacións non gobernamentais, fundacións e Universidades). En definitiva, a rede como novo espazo territorial de relación entre actores (rexionais e urbanos) que perseguen a gobernanza multinivel (*multilevel governance*) ou a gobernanza da rede (*network governance*) en espazos complexos⁸.

Instrumentos financeiros e actores conforman os elementos básicos sen os que as institucións propias de xestión dun espazo transfronteirizo non funcionarían, este sería o caso das Eurorrexións e/ou Comunidades de Traballo, proposta institucional seguida para dar sentido a esta rede de actores⁹.

⁸ Brugué, Gomá y Subirats (2002: 415) señalarían que “El gobierno de la complejidad acepta la existencia de interacciones entre niveles, toma conciencia de las interdependencias entre actores, asume que lo importante es el contenido de las políticas y no la asignación de responsabilidades, percibe que los problemas tienen múltiples caras y establece complicidades que permitan sumar recursos y estrategias de actuación”.

⁹ Aínda sobre isto existe certa confusión xa que se denomina igual ao territorio (Eurorrexión) e a os seus órganos de xestión (Comunidades de Traballo); vid. Venade, 2004: 53-88.

Nos seus inicios as Eurorrexións foron pois instrumentos de cooperación transfronteiriza entre colectividades territoriais que se concentraban maioritariamente na fronteira alemá e que teñen o seu antecedente na Eurorexio holandesa-alemá creada nos anos 60 (EUORREXIO). Seguindo a Domínguez (2004: 3-51) temos que así como as Eurorrexións naceron no entorno alemán, as Comunidades de Traballo, posteriores, fixérono nos Alpes. En España foron innovadoras a Eurorrexión Transpirenaica (Cataluña, Pirineos Medios e Languedoc-Rosellón, 1991) e a Comunidade de Traballo dos Pirineos (CTP, 1983). A cooperación entre España e Portugal resúmese na creación de Comunidades de Traballo entre: Castela e León e Centro de Portugal (1995), Andalucía-Algarve (1995) e Norte-Castela e León (2000), ademais dos Grupos de Iniciativa Transfronteirizas (GIT) entre Estremadura e Alentejo (1992) e Centro e Estremadura (1994); de todas elas é Galicia a pioneira (xunto coa Transpirenaica) coa creación da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal en 1991 (Domínguez, 2004: 17).

En definitiva, que sería unha Eurorrexión?. Unha aproximación detallada ofrécenola Luís Domínguez (2004: 15) cando di que tal construción político-administrativa deberá ter “carácter permanente, identidade propia, separada da dos seus membros, conta con recursos administrativos, técnicos e financeiros propios e posúe capacidade interna para a toma de decisións, as veces mesmo ten unha asemblea parlamentaria”. Este podería ser o caso da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e o seu instrumento de xestión denominado Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, que se significaría por ter (coma as organizacións deste tipo) “carácter permanente, pero acostuma a non ter identidade propia senón que se mantén a dos seus membros, tampouco posúen competencias separadas das dos seus compoñentes nin recursos financeiros e humanos propios e raramente gozan de autonomía decisoria respecto aos seus integrantes. Son, fundamentalmente, estruturas centradas en actividades de planificación estratéxica” (Domínguez, 2004: 16).

Mais se non é posible entender hoxe a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal sen atraer cara a nós o pasado, aínda o é menos sen constatar o enorme reto socioeconómico que esta asumiu no contexto dunha rexión transfronteiriiza periférica, non só en Europa senón tamén no propio marco estatal español e portugués. A esta reflexión procedemos deseguido.

Análise Territorial e Socioeconómico

O territorio da Eurorrexión fórmano Galicia e a Região Norte, Comunidade Autónoma e NUT II. respectivamente, de España e Portugal comprendendo unha superficie de 50.853 km² (o 8,5% do territorio da Península Ibérica). Dentro da Eurorrexión é Galicia a que ocupa unha maior extensión (29.574,4 km²).

A poboación “eurorrexional” intégrana un total de 6,4 millóns de persoas, asumindo a Região Norte de Portugal a maior cantidade de poboación (3,7 millóns de habitantes, o 35,4% da poboación portuguesa), mentres que en Galicia residen os 2,7 millóns de veciños restantes (o 12,1% da poboación española). A densidade de poboación é un dato relevante para a análise socioeconómica porque amosa non só a disparidade intraeurorrexional, senón as diferenzas que existen entre elas: é de destacar a densidade galega con 93,4 hab/km² (84 en España; www.ige.eu/ga, 2005) mentres que a norteña portuguesa supón 175,1 hab/km² (113 en Portugal; www.ine.pt, 2004), iso si, a maior parte de eles concentrados nas provincias costeiras en Galicia e no Arco Metropolitano do Noroeste de Portugal (de Braga a Porto). A relación densidade de poboación e estrutura municipal dá como resultado que a Região Norte, con case un millón de habitantes máis que Galicia, concentra a súa poboación en pouco menos da cuarta parte de Concellos que a Comunidade Autónoma galega, e en menos da metade das Freguesias (2.024; en Galicia 3.781 Parroquias); dato de capital importancia se consideramos a cantidade de actores e as súas posibilidades reais

(sobre todo do lado portugués) de actuación na rede de gobernanza territorial da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

En relación coa demografía pódense destacar algúns datos significativos para a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que poñen de relevo as disparidades dos dous “socios” territoriais, así coma as dificultades tendentes a homoxeneizar as súas estruturas socioeconómicas: mentres que Galicia perde poboación, e a que ten envellece a pasos axigantados (coa taxa bruta de natalidade de 7,5, unha idade media de 43,9 anos, o 21,3% ten 65 e máis anos – www.ige.eu; 3-3-2006 e 15-5-2006-), a Região Norte, cunha taxa de natalidade do 10% (a segunda máis alta do Portugal Continental, despois do Algarve; www.ine.pt, 2005) gánna cunha estrutura de idade máis xove (36% poboación ten menos de 25 anos e só un 13% máis de 64; ademais do 40% do grupo de idade de 0-14 anos de Portugal). A pesares de todo, no conxunto da Eurorrexión (claramente polo liderazgo portugués neste apartado) é favorable en nacementos e xuventude da súa poboación.

Evidentemente os aspectos sociolaborais e económicos están en directa relación con este mapa territorial e demográfico. Deténdonos brevemente na primeira variable, a sociolaboral, pódese dicir que as taxas de actividade de Região Norte e Galiza aproxímanse pero no son similares, resultando superior no caso portugués, incluso en comparación co resto de Portugal, e alonxadas da media española e comunitaria para o caso galego; as máis altas taxas de actividade concéntranse nas Provincias de A Coruña e Pontevedra (51,3% e 58,6% respectivamente) e nas NUTS III de Cávado, Minho-Lima e Tâmega (66,7%, 66,3% e 65,9% respectivamente). Este desequilibrio entre Norte de Portugal e Galicia tamén se mantén na taxa de ocupación, superior na Região Norte, e, en consecuencia na taxa de paro (6,7% -www.ine.pt, 2001- por 8,6% -www.ine.es, 2º Trim 2006-, respectivamente).

No tocante ao fluxo de traballadores de Galicia ao Norte de Portugal e viceversa (mobilidade laboral), que axudaría a explicar o dinamismo real en ma-

teria laboral da Eurorrexión, pódese dicir que (Meixide e de Castro, 2001: 206) é superior o tránsito de traballadores portugueses a Galicia centrados en actividades como construción, agricultura, comercio, hostalaría, servizos, industria automóbil e estaleiros; mentres que os traballadores galegos desprázanse á Região Norte en número de 1 a 5 e en sectores tais coma medicina, cadros medios e superiores, téxtil, industria automóbil e construción civil, para un intervalo de traballadores anuais de entre 4.500 e 5.300 (Galicia-Norte de Portugal-Galicia).

Galicia e a Região Norte de Portugal son territorios desiguais en canto a súa aportación ao PIB dos seus respectivos Estados, xa que a mediados dos anos 90 a primeira aportaba un 5,6% ao PIB español, mentres que a segunda supuña un 31,4%. Este primeiro dato avanza a situación asimétrica que se reflicte igualmente en relación cos sectores produtivos. Por sectores poderíamos dicir que a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal está especializada no sector servizos, sendo superior o peso en Galicia que no Norte de Portugal (57% -www.ine.pt, 2001-, por 48,2% -www.ine.es, 2º Trim 2006- lonxe da presenza que ten a terciarización na Unión Europea e España), aínda que cun peso moi destacado da industria na Região Norte (39,5% - www.ine.pt-) e en menor medida en Galicia (19% -www.ine.es-); a agricultura, silvicultura e pesca manteñen valores próximos do lado galego e portugués (18,4% -www.ine.pt- e 12,3% -www.ine.es, 2º Trim 2006-). En relación co comercio exterior e intrarrexional as diferenzas son favorábeis no primeiro dos casos á Região Norte (esta é responsábel do 65% das exportacións e o 60% das importacións da Eurorrexión); sobre o comercio Interrexional os datos falan dun papel de liderazgo portugués similar á variable anterior.

Paga a pena considerar tamén as conclusións que se extraen do informe realizado pola Fundación Caixa Galicia en 2001 onde se pon de relevo o longo camiño que aínda queda por recorrer en materia sociolaboral (Meixide e de Castro, 2001: 208): dificultade para establecer políticas comúns de emprego pola heteroxeneidade administrativa, descoñecemento do mercado laboral mutuo,

diferentes sistemas educativos e recoñecemento das titulacións, descoñecemento da lexislación laboral básica de ambos Estados, ausencia de posibilidades de traballo no interior de Galicia por avellentamento e despoboación, dificultades de accesibilidade (zona oriental).

Neste punto (aspectos sociolaborais e económicos) coinciden na análise e no diagnóstico tanto as fundacións, coma os sectores empresariais e sindicais (Gabinete Técnico de CC.OO., 2005: 1-31) na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: a pesar das numerosas asimetrías territoriais, demográficas, sociais, laborais e económicas este espazo transfronteirizo ten un claro efecto de proximidade (Valente de Oliveira, 2006: 36) que lle outorga un gran potencial de crecemento, con poboación xove con centrada na franxa atlántica, conformando un espazo integrado onde a cooperación transforma en positivo territorio, sociedade e economía.

3.2.2. Aspectos Internos

Análise Institucional

Entendendo por aspectos internos da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal aqueles que están relacionados coas súas variables de xestión (marco xurídico e organizativo), e sendo conscientes dos límites deste apartado que nos obrigan a elaborar unha análise organizativa incompleta (centrada en aspectos *sociotécnicos* exclusivamente, sobre todo no entorno, obxectivos e estruturas), a continuación revisamos de forma breve a evolución normativa e institucional da Comunidade de Traballo.

Estamos ante unha microorganización, unidade administrativa, dependente de dúas organizacións máis grandes (Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Rexional do Norte), que á súa vez dependen da Xunta e da Administración central lusa (desconcen-

trada), e que ten como misión principal a xestión e avaliación da cooperación transfronteiriza entre Galicia e a Região Norte de Portugal. A complexidade desta organización non devén polo tanto da súa estrutura administrativa, senón do entorno no que esta desenvolve o seu traballo, resultando unha unidade de coordinación de políticas entre unha Comunidade Autónoma (entidade político-administrativa) e un órgano descentralizado e desconcentrado dependente da Administración central do Estado portugués.

A Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal é a resultante dun proceso político, xurídico, administrativo e institucional que resumimos a continuación a través das seguintes etapas ou períodos (Venade, 2004: 53-88):

- Etapa previa anterior á adhesión de España e Portugal ás Comunidades Europeas en 1986. As relacións entre España e Portugal sempre foron fluídas e intensas na franxa atlántica, porén non existiu un marco formal común de entendemento ata a entrada de ámbolos dous países na Comunidade Económica Europea en 1986. Os anos 70 resultarán claves para este período de preadhesión e de entendemento mutuo coa sinatura, por exemplo, do Tratado de Amizade e Cooperación entre Portugal e España (22-XI-1977) e da “Convención-Cuadro de 1980 do Consello de Europa” (21-V-1980), dando por rematadas as etapas de autarquía e pechazón que impuxeron os ditadores peninsulares en décadas anteriores. O afondamento das relacións bilaterais tivo lugar nun incipiente escenario multinivel en España e nuns dubitativos inicios rexionais en Portugal a través das CCR; nel a entrada das Comunidades autónomas españolas resultou un factor determinante para o reaxuste do mapa de relacións intergubernamentais peninsulares. Esta posibilidade foi recollida de forma natural entre Galicia e o Norte de Portugal froito da natural evolución histórica xa sinalada. Non podemos esquecer o papel das colectividades locais lusas e galegas que imprimindo unha dimensión máis ampla, xa de rede, ás futuras relacións transfronteirizas reclaman a súa participación no espazo eurorrexional. Pero se existe algún punto de inflexión,

algún *detonante* xurídico que potencie a cooperación transfronteiriza, está na adhesión de España e Portugal á CEE; os Fondos e Iniciativas Comunitarias (sinaladamente INTERREG) farán o resto.

- Acordo Constitutivo da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal (31-X-1991). A etapa anterior foi absolutamente clave porque conseguiu a normalización democrática de ambos países, introducílos definitivamente en Europa, e artellar canles formais e financeiras que deran posibilidades reais á histórica e tradicional cooperación entre Galicia e a Região Norte de Portugal. Unicamente faltaba un elemento importante, a creación dunha estrutura administrativa común de xestión dese marco xurídico e os seus correspondentes fondos transfronteirizos. Isto acadouse parcialmente coa sinaura do Acordo Constitutivo da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, por parte da Xunta de Galicia e da Comissão de Coordenação da Região Norte en outubro de 1991, sendo o primeiro acordo transfronteirizo asinado entre España e Portugal, ao que seguiron outros 6 nos que estiveron implicados todas as Comunidades autónomas que teñen fronteira con Portugal: Castella e León, Estremadura e Andalucía. É este o punto de partida, acto xurídico fundacional, a partir do cal identifícanse na forma e no fondo Eurorexión con Comunidade de Traballo. A conformación deste instrumento nos seus inicios define vagamente a misión desta Comunidade de Traballo de xeito que orientariase cara o intercambio de información, coordinación de iniciativas, tratamento de asuntos comúns entre as dúas rexións, algo que ten a súa razón de ser, como diría acertadamente Venade (2004: 61), na asimetría político-administrativa de ámbolos territorios e no desequilibrio de poder e capacidade de actuación entre a Xunta de Galicia e a antiga CCR. Porén é nesta fase, e froito dunha revisión do Acordo en 1999, cando se poñen en marcha as Comisións Sectoriais (ata un total de 10), as Comunidades Territoriais de Cooperación (4 non desenvolvidas ata principios da década presente) ás que seguirá o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular como institución propia do sistema local urbano da Eurorexión.

- “Tratado de Valencia” ou “Convención entre a República Portuguesa e o Reino de España sobre Cooperación Transfronteiriza entre Instancias e Entidades Territoriais” (3-X-2002). Esta última fase, en vigor dende fai escasos catro anos, amosa como se evolúe dende estruturas de cooperación transfronteirizas de carácter voluntarista, parcialmente xurídicas¹⁰ e moi dependentes dos respectivos centros políticos en España e Portugal, cara outras xuridicamente máis claras¹¹, articuladas de forma poliárquica, en rede, con elementos de traballo intergubernamental baixo modelos sobrepostos (xa non inclusivos nin xerárquicos). Neste punto convén facer mención do instrumento aprobado polo Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación europea de cooperación territorial (AECT), que está sendo obxecto de estudo por parte dos actores subnacionais (rexionais-locais) galegos e portugueses como posible solución á indefinición xurídica de anteriores fórmulas de cooperación transfronteiriza. Estaríamos así, pois, diante dun marco que vai facilitar unha *segunda xeración* de acordos transfronteirizos que obrigarán a renovar o de 1991, outorgando máis claridade á misión, tarefas e responsabilidades dos actores que integran a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, cohesionando de forma coherente aos seus actores locais e rexionais, e poñendo a disposición dos seus líderes políticos e técnicos novas posibilidades normativas e de xestión dende as cales poder asumir o novo reto das perspectivas financeiras de 2007-2013, coma

¹⁰ Con relación ao Acordo de 1991, Venade diría que “...o referido “acordo” pode certamente constituir un marco relevante na historia da cooperación transfronteiriza mas não é um modelo de segurança jurídica, visto que se trata de um documento de carácter privado, inter-administrativo, sem qualquer valor jurídico” (2004: 64).

¹¹ Esta situación de indefinición do marco xurídico sobre a cooperación transfronteiriza fora abranguida recentemente dende a Comisión Europea a través de documentos de posición, coma o que fai alusión a novos instrumentos legais de cooperación transfronteiriza, Interrexionais e transnacionais coma as *Mancomunidades Municipais Europeas* e os *Acordos Europeos de Dereito Público* (vid. Comisión Europea, “cara a un novo instrumento legal comunitario de dereito público que facilite a cooperación transfronteiriza a través das autoridades territoriais na Unión Europea. Resumo do Documento de Posición”).

por exemplo a creación de organismos de cooperación “con” (Associações de Direito Público, Empresas Intermunicipais e Consorcios) e “sen” (Comunidades de Traballo e Grupos de Traballo) personalidade xurídica. En definitiva, o Tratado de Valencia “representa certamente una nova etapa de cooperación transfronteiriça luso-espanhola na medida em que introduz uma ‘disciplina jurídica apropiada’ para as actividades de cooperación. Esta nova ‘disciplina’ contrasta, pelo seu espírito profundamente regulamentador, com a (quase) total ‘informalidade’ que enformava as actividades de cooperación nos últimos anos” (Venade, 2004: 76).

Análise Organizativo

A evolución do marco xurídico e os novos plantexamentos xurdidos do Tratado de Valencia, favorecen a institucionalización das organizacións dedicadas á xestión da cooperación transfronteiriça, como é o caso da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal. Será necesario, polo tanto, unha aproximación dende a Teoría da Organización e dende o novo Institucionalismo para analizar as súas capacidades reais de organización e xestión da rede de cooperación transfronteiriça.

Dende o punto de vista máis formal, a organización interna e externa da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal establece a seguinte estrutura orgánica: Consello, Presidente, Comité de Coordinación, dos Coordinadores Xerais (un por parte galega e outro por parte portuguesa), un Secretario da Comunidade e un Secretariado (sen definir no Acordo), ademais de Comisións Sectoriais, Comisións “ad hoc” e Coordinadores Sectoriais. A todo isto, non podemos esquecerlo, hai que sumar a estrutura territorial e sectorial da Comunidade de Traballo, así como a participación no seu seo do Eixo Atlántico como asociación de Concellos transfronteirizos. Un pequeno repaso da definición formal destas figuras axúdanos a entender a organización “Comunidade de Traballo” (Venade, 2004: 53-88):

- **Consello.** Órgano impulsor da Comunidade de Traballo ao que lle corresponde aprobar o seu plan de traballo, así como o seu regulamento e orzamentos (a proposta do seu Presidente). Liderado polo Presidente de turno da Comunidade de Traballo (Presidente da Xunta de Galicia ou Presidente da CCDR-N), integrado ademais polas colectividade locais que forman parte da propia Comunidade. O Consello réunese de forma ordinaria dúas veces ao ano e nel poden participar (a invitación do seu Presidente) axentes sociais, comunidade universitaria, ou personalidades relevantes no ámbito da cooperación transfronteiriza co estatuto de “invitados oficiais ou observadores”.
- **Presidente.** É un cargo rotativo por períodos de dous anos; na actualidade, e dende marzo de 2006, asúmeo D. Emilio Pérez Touriño como Presidente da Xunta de Galicia. O seu papel é o de representar á Comunidade de Traballo, convocar reunións do Consello e preparar os traballos del, sempre en estreita colaboración e consulta co seu homólogo portugués.
- **Comité de Coordinación.** Non aparecen ben definidas as súas funcións no Acordo de 1991, polo que unicamente contempla como función a posibilidade de fixar directrices de traballo para os Comités Sectoriais e convocar as súas reunións.
- **Coordenadores Xerais.** Copresiden o Comité de Coordinación, e reúnen a petición do Presidente da Comunidade de Traballo, cando menos catro veces ao ano. Son o elemento executivo da Comunidade de Traballo que contempla entre as súas actividades máis operativas as de coordinar os traballos das Comisións Sectoriais e do Secretariado, así como de convocar as reunións do Comité de Coordinación e preparar os programas de traballo estratéxicos da Comunidade.
- **Secretario.** Nomeado polo Presidente da Comunidade de Traballo (baixo proposta conxunta cos Coordenadores Xerais), ten o papel de asesorar ao Comité de Coordinación.

- Figuras de xestión (Grupo de Análise e Reflexión Estratéxica, Grupo Observatorio Interrexional e Comisións “ad hoc”). Establecidas para dar soporte técnico e de coñecemento aos órganos de decisións, executivos e Colexiados; carecen dunha definición formal nos acordos constitutivos da Comunidade de Traballo.
- Comunidades (ou Comisións) Territoriais de Cooperación. Dende finais dos anos 90, 4 son as CTC ata hoxe (ningunha por parte galega) que foron aprobadas coa intención de integrar na Comunidade de Traballo ás entidades locais públicas do seu respectivo ámbito territorial: CTC do Vale do Lima, CTC do Vale do Minho, CTC do Vale do Tâmega y CTC do Vale do Cávado.
- Comisións Sectoriais. Actualmente existen dez en funcionamento adicadas á xestión de aspectos sectoriais propios da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como son: Agricultura; Medio Ambiente, Recursos Naturais e Ordenamento; Ensino, Formación e Emprego; Investigación Científica e Universidades; Cultura; Patrimonio e Turismo; Desenvolvemento Local; Dinamización Económica; Pesca; Saúde e Asuntos Sociais; Administración Rexional e Local; e Infraestruturas e Transporte.
- Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (Comisión “ad hoc”). Asociación transfronteiriza de Concellos gallegos e portugueses integrada na Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal en 2000, da que falaremos no seguinte capítulo.

A indefinición dos contidos do Acordo de 1991, aínda que revisado en 1999, favorece a creación dunha estrutura organizativa onde a xerarquía e a divisionalización, isto é, as súas dimensións vertical (altura-xerarquía) e horizontal (amplitude-divisionalización), entremestúranse de forma difusa, ao que hai que engadir o complexo deseño territorial (Comunidades Territoriais de Cooperación) e sectorial (Comisións Sectoriais), o cambio comunitario en materia de

Iniciativas Comunitarias, así como a incorporación de novos actores sociais, económicos, universitarios e locais á Comunidade ao longo dos anos 90 e principios da presente década¹².

Neste “cóctel” organizativo, froito da lóxica organizativa incremental, atopamos unha boa definición no Acordo de 1991 (seguindo a terminoloxía de Mintzberg, 1999) do *ápice ou núcleo estratéxico* (Presidente e Consello) e da *liña media* (Coordinadores Xerais, Secretario e Comité de Coordinación). Pola contra, constátase unha inexistente definición do *núcleo operativo*, o *staff* común e a *tecnoeestrutura*, isto é, o persoal intermedio e inferior que asumen as tarefas de execución das políticas deseñadas e a súa xestión cotiá (xefes de servizo, sección, negociado, de grupo...), polo que entendemos que a Comunidade de Traballo está integrada por persoal da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores cando a Presidencia lle corresponde á Xunta de Galicia e pola CCDD-N cando lle corresponde ao Norte de Portugal.

A falla de soporte xurídico propio, a inexistencia de orzamento e recursos humanos da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, produce unha sobredimensión dos roles e funcións das estruturas administrativas que a integran (Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia e Gabinete de Cooperación da CCDD-N), que, ademais dos seus cometidos propios, deben realizar tarefas de soporte administrativo (*liña media*), de “*staff*” de apoio e de *núcleo de operacións*, xa que logo todas estes contidos, funcións e activida-

¹² Por parte dos axentes sociais é destacable a creación do Consello Sindical Interrexional Galiza-Norte de Portugal (13-IX-1995), integrado polo Sindicato Nacional de CCOO, Unión Xeral de Traballadores de Galicia, União Geral de Trabalhadores de Portugal e a Confederação Geral dos Trabalhadores de Portugal. Para o caso dos axentes económicos, a pesar da dinamicidade e número de encontros entre asociacións empresariais tan só recentemente se acadou a creación dun foro común (Convenio de Colaboración entre a Confederación de Empresarios de Pontevedra –CEP- e a Associação Empresarial de Portugal –AEP-, en 2005); mentres que no mundo da Universidade creouse recentemente (2002) o Centro de Estudos Eurorexionais (baixo un formato de Fundación); vid. Domínguez, 2004: 36, 37.

des están sen definir nos apartados do Acordo de 1991 e revisións posteriores. Descubrimos, porén, un bo deseño normativo de figuras de investigación e desenvolvemento (I+D) con funcións de asesoramento (Grupo de Análise e Reflexión Estratéxica e Grupo Observatorio Interrexional), e tamén unha Comisión “ad hoc” de carácter local como é o Eixo Atlántico.

A pesares á súa constante actualización, e logo de haber pasado polo necesario período de construción inicial, estimamos que este deseño orixinal de *organización-matrix* non resulta axeitado para a xestión da complexidade da rede de cooperación que se veu desenvolvendo ata a data. Porén, e aínda que é un feito que esta estrutura xurídica de oportunidade cumpriu o seu cometido no entramado da Eurorrexión artellando unha canle para as iniciativas, programas e proxectos que os actores galego-norteportugueses solicitaron, as novas perspectivas comunitarias de redución de fondos, a amplitude do rango da cooperación de transfronteiriza, interrexional e transnacional, e a complexidade dos novos programas e áreas de políticas (I+D+i), con actores xa consolidados e necesitados de financiación para os seus respectivos proxectos, entendemos que fan que sexa necesario plantexar unha redimensión da Comunidade de Traballo creando unha organización con personalidade xurídica propia (quizás a través dunha Agrupación Europea de Cooperación Territorial?), redefinindo a súa misión, desenvolvendo unha nova estrutura organizativa, con novos papeis de xestión da *policy network* transfronteiriza dende a que se poida xestionar e avaliar o sectorial e o territorial de forma “adhocrática” (igualmente citando a Mintzberg).

3.2.3. Diagnóstico Estratéxico da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal

O diagnóstico estratéxico que reflectimos neste apartado de conclusións parciais amosa en primeiro lugar unha realidade: a Eurorrexión Galicia-Norte

de Portugal carece dunha análise propia da súa organización administrativa de dirección (ou polo menos descoñecémolo) e das capacidades de xestión que despreza en aras á formulación, deseño, implementación e avaliación dos programas comunitarios nos que participa. De feito parte das aproximacións en forma de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades non se corresponden coa Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal como tal unidade administrativa; as fontes de análise e as reflexións forman parte, sobre todo, de estudos que o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular ven realizando dende mediados dos anos 90 e a década presente en forma de Estudos Estratéxicos (*Segundos Estudos Estratéxicos do Eixo Atlántico*, 2005), así como doutras investigacións realizadas por fundacións e *think tank* eurorrexionais. Como tales, son análises fundamentalmente orientados aos Concellos integrantes desta asociación de concellos transfronteiriza. Con todo, expoñemos a continuación, e a xeito de resumo, algunhas debilidades e ameazas que rodean á Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, sobre as que habería que traballar nos próximos anos coa finalidade de evolucionar dunha situación de desgaste cara outra de éxito na Eurorrexión.

Entorno: Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

- Dende o punto de vista territorial, a Eurorrexión ten un carácter periférico non só con relación aos centros de decisión e económicos de Europa senón tamén dentro da Península Ibérica.
- Con todo, a súa extensión é considerable (8,5% do territorio peninsular) superando nesta variable a Bélxica, Dinamarca, Países Baixos e Luxemburgo.
- A poboación é igualmente significativa (maior que a de Dinamarca, Finlandia e Luxemburgo) con 6,3 millóns de habitantes, con poboación maioritaria portuguesa (57%), alta densidade e concentración na franxa litoral de ambos territorios.

- Os sectores produtivos circunscríbense ao ámbito terciario (hostalaría, turismo e comercio), pero con peso importante e crecente do secundario, especialmente na construción, téxtil, automoción e vitivinícola, coa inquestanda crecente de adaptación aos modelos de I+D+i comunitarios.
- En relación coa pirámide de idade, a poboación portuguesa é máis xove e a galega altamente envellecida, sobre todo nas zonas do interior de ambas rexións.
- En materia de emprego a taxa de ocupación é máis alta no Norte de Portugal do que en Galicia.
- Sobre o comercio internacional e intrarrexional, a Região Norte lidera este aspecto non so na Eurorrexión senón tamén en relación co seu país.
- Déficits en coordinación de políticas públicas educativas e de emprego a un e outro lado da fronteira eurorrexional.
- A pesares da existencia dun bo número de asociacións (sobre todo nas grandes cidades), é aínda insuficiente a implicación do terceiro sector (asociativo) e empresarial na Eurorrexión, con escasa cooperación dos gobernos locais respectivos, e con limitado desenvolvemento do capital social en cada unha das respectivas comunidades que a integran.
- Déficits nas infraestruturas terrestres (autovías e trens), así como escasa coordinación de sistemas aeroportuarios na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Interno: Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal

- Estrutura político-administrativa asimétrica, con poderes legislativos en Galicia (Xunta de Galicia) e competencias descentralizadas na Região Norte (CCDR-N).

- Novo marco de reorganización administrativa en Portugal que pode potenciar os aspectos de coordinación e tamén políticos de CCDR-N.
- Alta diferenza no mapa local con maior número de Concellos en Galicia, pero con máis poboación e competencias locais en Portugal.
- Aparición de novos actores supralocais en Galicia e consolidación dos existentes no Norte de Portugal (aínda que con problemas de gobernanza).
- Marco xurídico transfronteirizo en evolución que obriga a actualizar o Acordo de 1991 e a adaptalo ao novo escenario transfronteirizo, interrexional e transnacional comunitario, o que favorece modelos organizativos máis matriciales (sectoriais e territoriais) en 1999.
- Novos modelos normativos de xestión da Comunidade de Traballo xurdidos do “Tratado de Valencia” e as AECT, que permiten unha maior seguridade xurídica nas entidades público-privadas de xestión transfronteiriza, a adopción de entidades máis áxiles en dita xestión (Mancomunidades, Consorcios...), nun contexto renovado de escaseza e ampliación das perspectivas financeiras para o ciclo 2007-2013.
- Confusa organización administrativa e de xestión da Comunidade de Traballo, cunha inexistente definición de misión, solapamento de funcións co Eixo Atlántico, certa inoperancia na tecnoestrutura, e falla de unidades “ad hoc” para a xestión da Comunidade de Traballo, aproveitándose as estruturas propias da Xunta de Galicia e a CCDR-N.
- Necesidade de reorganizar o sentido estratéxico da Comunidade de Traballo diante do novo entorno de escaseza, de complexidade e competencia, así como prioridade en establecemento de nova estrutura organizativa en rede, asumindo os criterios de gobernanza, desenvolvemento sostible, e-Gobierno e de xestión cooperativa público-privada-mixta.

3.3. A Xestión Pública Local baseada na Gobernanza. Un Exemplo de como Mellorar a Dimensión Oculta da Cooperación Transfronteiriza

Hai algúns anos os especialistas en relacións intergubernamentais definían a xestión que tiña lugar entre unidades de goberno (Xestión Intergubernamental o XIG) como a súa *dimensión oculta*, aludindo con iso á cantidade de interaccións, contactos, acordos, negociacións..., xestión en definitiva, que tiña lugar de forma cotiá entre as diferentes unidades de goberno implicadas nunha *policy network*. Máis recentemente somos coñecedores da importancia deste tipo de contactos, *arranxos* institucionais e administrativos, consensos en torno a instrumentos de políticas públicas dende a gobernanza, ao aludir á dimensión da gobernanza da xestión pública (Natera, 2004: 1-33). Parece máis que evidente a importancia desta *dimensión oculta* na xestión dos programas transfronteirizos nos que hai implicados unha ampla variedade de actores públicos, privados e sociais que precisan poñerse de acordo para solucionar problemas administrativos¹³.

A xestión das redes transfronteirizas aparece coma o auténtico reto de cara a consolidar unha acción continuada, permanente e mellorada programa tras programa (qué se non é a cooperación transfronteiriza: unha sucesión de programas destinados a mellorar a calidade de vida de cidadáns a un e outro lado da fronteira de dous países). En consecuencia, deberase destacar a necesidade de enfatizar aspectos relacionados co liderato dos directivos e xestores da Comunidade de Traballo orientado ao deseño de *xogos de suma de variábeis* onde todos gañen (actores públicos, privados e sociais), abrindo o escenario da rede

¹³ O feito de que resaltemos este tipo de actuación da Comunidade de Traballo, non significa a inexistencia de outro tipo de aspectos de xestión transfronteiriza a través de programas comúns como é o caso dos servizos de extinción de incendios a través da creación de Parques Comarcais de Bombeiros en Galicia e a iniciativa da posta en marcha de modelos comúns de Bombeiros entre Galicia e Portugal “Dinamización de proxectos piloto de natureza transfronteiriza, referidos a bombeiros e protección civil” (Memoria da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, 2001).

político-administrativa á cidadanía, creando un marco estábel de xestión administrativa (técnica) común.

Disto último, ímonos ocupar agora xa que a creación deste marco técnico común, permanente, coñecido por técnicos galegos e portugueses que traballan no seo da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal (íntegran as súas Comisións Sectoriais e participan das Iniciativas Comunitarias aínda que non son impulsados directamente pola Comunidade de Traballo), non deixa de resultar un reto que comeza a tomar forma pero que foi froito do correspondente *path dependency*, baseándose na financiación das Inicitativas Comunitarias. A pregunta que nos podemos plantexar de entrada é se poderíamos establecer como real o caso da consolidación dunha estrutura común de administración e xestión pública na Comunidade de Traballo a través de INTERREG II e III. Cremos que a resposta é parcialmente que si (aínda que os esforzos se teñan dirixido fundamentalmente ao ámbito da xestión local e non da xestión autonómica e rexional, en definitiva cara a Comunidade de Traballo), polas seguintes razóns materiais (financiación), de participantes (actores) e de resultados:

- Financiación. Dende a segunda fase da Iniciativa Comunitaria INTERREG (II), no período 1994-1999, lévanse a cabo programas destinados a mellorar a *Cooperación Social e Institucional* (Acción 1.6.2; Secretaría Xeral de Cooperación Exterior e Relacións coa Unión Europea, 1999) buscando aproximar as realidades administrativas e de xestión territorial de Galicia e o Norte de Portugal, sobre todo a través da organización de xornadas, seminarios e encontros, así como de estudos, onde técnicos da Xunta e da CCDR-N poñen en común as súas particularidades normativas, técnicas e de xestión. Como exemplo destacan as seguintes: estudos sobre *Modelos Asociativos Interinstitucionais con Participación Municipal existentes en Galicia, especialmente na zona transfronteiriza* (1997); seminarios *Gallego-Luso sobre Administracións Locais Galicia e Norte de Portugal, Interactivo Luso-Galego sobre Reforma e Modernización Administrativa* (1998) e *Gallego-Luso sobre formas de Xestión dos Servizos Públicos Locais* (1999). Estes traballos

teñen continuación no período seguinte (INTERREG III, período 2000-2006), dende o cal organizanse actividades similares, tales como: seminario sobre a *Función Pública Galego-Portuguesa e as Boas Prácticas* (Pontevedra, 2003); seminario internacional luso-galaico *sobre a Reforma da Administração Pública* (Braga, 2004). Todas estas actividades de estudo e/ou difusión forman parte dun programa máis amplo destinado a coñecer a xestión administrativa das organizacións públicas galegas e lusas, pero tamén a potenciar os encontros entre técnicos rexionais e locais galego-portugueses; en definitiva a crear redes de políticas destinadas á xestión de proxectos transfronteirizos.

- Actores. Os participantes nestas redes de xestión e administración pública son sobre todo públicos e institucionais (aínda que sobresaie o activo papel dunha institución privada de formación radicada en Porto), destacando en negativo a escasa implicación das Universidades que integran o espazo euro-rexional e dos axentes sociais públicos (Sindicatos representativos no ámbito da Función Pública). Entre os actores da rede destacamos a Escola Galega de Administración Pública (Xunta de Galicia), a Dirección Xeral de Xustiza e Administración Local (actual Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia), a Direcção Geral de Administração Autárquica (CCDR-N) e o Instituto de Gestão e Administração Pública de Porto (IGAP). Na realidade son os mesmos actores que seguen mantendo o interese por este tipo de aspectos de *entendimento administrativo* galego-portugués, e que a día de hoxe amplían os seus campos de actuación cara a modernización e mellora das respectivas organizacións públicas. Porén, bótanse en falla vellos e novos actores que veñen traballando en materia de formación, realización de estudos e investigación e divulgación sobre a realidade administrativa e de xestión das estruturas administrativas da Xunta, da CCDR-N e das organizacións locais de ambos territorios. Falamos do Instituto Nacional de Administración Pública (Ministerio de Administraciones Públicas, España), do Instituto Nacional de Administração (Presidência do Conselho de Ministros), do Centro de Estudos de Formação Autárquica (CEFA), das mencionadas Uni-

versidades *eurorrexionais*: Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña, Porto, Minho, UTAD; de organizacións de formación privadas como a Escola para as Administracións Públicas Caixanova, de institucións locais como a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), das empresas de consultoría, formación e proxectos europeos que dan asistencia técnica ás organizacións públicas e que incluso desenvolvan de forma individual proxectos relacionados coa xestión pública e a mellora continua... Como podemos ver, dun gran número de institucións públicas, privadas e non gobernamentais que conforman a rede da xestión pública na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. En relación co anterior, comentario específico merece o Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (CEER), creado no marco do Programa INTERREG III A (dic. 2005) baixo a fórmula de fundación privada sen ánimo de aproveitamento, co obxectivo de impulsar un Campus Universitario Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal que permitira reforzar a cooperación en materia de coñecemento, investigación e intercambio de profesorado e alumnado. Entre as actividades propostas polo CEER temos a convocatoria de bolsas, cursos e seminarios, a promoción dun Centro de Documentación e dunha Revista dixital, así como publicacións sobre contidos transfronteirizos. Un dos activos máis destacados do CEER é a súa rede de actores xa que baixo esta fórmula participan as Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, Porto, Minho e Tras-os-Montes e Alto Douro, así coma o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, a propia Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, dotándose para a súa xestión dunha pequena estrutura de xestión composta por un Consello de Dirección, unha Unidade Central de Coordinación e un Director-Secretario Xeral.

- Resultados. En canto aos resultados que se obtiveron co desenvolvemento deste tipo de actividades ao abeiro da Acción de *Cooperación Social e Institucional* nel INTERREG II, podemos dicir que supuxeron o inicio e base necesaria para a construción dun modelo de xestión pública común entre as organizacións públicas galegas e portuguesas, aínda que queda moito camiño

por percorrer. Así, no máis recente período que está a punto de concluír (INTERREG III, 2000-2006), pódese destacar no seo da Comisión Sectorial de Administración Rexional e Local da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal a posta en marcha do *Ciclo de Conferencias Luso-Galegas sobre Administración Territorial* (CICLGAT), e a implementación dun programa sobre a xestión pública e a mellora das organizacións, *e-Qualitas*, orientado á implantación de instrumentos de calidade e novas tecnoloxías na Administración Local. Paga a pena deternos máis neste programa que concluírá os seus traballos a finais de 2006. O *Programa e-Qualitas* (Varela Álvarez, 2005: 347-377)¹⁴ diríxese cara a melloría da xestión pública dos Concellos adscritos ao mesmo: Concellos da Comarca de O Salnés e Verín pola parte galega, e as Cámaras Municipais de Arcos de Valdevez, Valença e Chaves, polo Norte de Portugal. O consenso en torno a unha técnica de mellora continua como son as Cartas de Servizos e a necesidade de crear unha plataforma tecnolóxica de xestión dos indicadores das Cartas, conformaron o punto de partida deste proxecto no que participan activamente a EGAP, a Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, a Direcção Regional de Administração Local da CCDR-N e o IGAP (vemos como os actores nesta area de políticas públicas de modernización administrativa local repítense actuación tras actuación). Entre as actuacións feitas ao longo deste *Programa e-Qualitas*, tanto no *front office* coma no *back office* podemos resaltar:

- i) Aquelas conducentes a aunar criterios de xestión entre as unidades administrativas locais galegas e portuguesas integrantes do mesmo: identificación dos servizos administrativos, análise de detección de necesidades e expectativas dos usuarios dos servizos, análise e avaliación dos servizos prestados incluídos os procesos administrativos (fluxos e

¹⁴ A este *Programa e-Qualitas* e a algunhas outras iniciativas de xestión pública local xa temos dedicado espazo no marco dos *II Estudos Estratégicos do Eixo Atlántico* que se desenvolveron ao longo de 2004 e 2005; vid. Varela Álvarez, 2005: 347-377.

mapas), fixación de estándares de calidade e determinación dos compromisos de calidade das Cartas nos Concellos participantes.

- ii) As dirixidas a formar técnicos locais nos Concellos e as Cámaras sobre técnicas de xestión de calidade, melloramento continua e boas prácticas, así como ao emprego da plataforma telemática de xestión das cartas.
- iii) As destinadas ao espallamento do *Programa e-Qualitas* a través de xornadas e seminarios, como os que se desenvolveron en Chaves e Santiago de Compostela (*Xornadas sobre Calidade e Cartas de Servizos na Administración Local*) en 2005 e 2006, respectivamente, e no que participaron os actores anteriormente citados.

Entendemos que o exemplo do *Programa e-Qualitas* lévanos cara a unha nova fase na cooperación intergubernamental transfronteiriza de base local, onde se toca con claridade a *dimensión oculta*, isto é, as estruturas administrativas e de xestión locais (Concellos galegos e portugueses), propoñéndose modelos de xestión intergubernamental comúns (Cartas de Servizos) baseados en protocolos e técnicas de xestión idénticos (Tecnoloxías da Información e as Comunicacions), que ofrecen solucións ás asimetrías propias dos dous sistemas político-administrativos e que aínda amosando toda a complexidade, as organizacións lusogalaicas asumen unha proposta homoxénea de xestión e cooperación técnica das respectivas unidades administrativas locais.

Por todas estas razóns somos da opinión de que estamos diante un bo exercicio de cooperación transfronteiriza nunha dimensión pouco estudada e traballada como a administrativa, pero singularmente estratéxica para acadar que un máis un non sumen dous senón tres (como rezaría o orzamento da sinerxia nas organizacións públicas), e con este aproveitamento a mellora dos servizos das organizacións públicas galegas e portuguesas, coa mente posta nos cidadáns da Eurorrexión. Soamente restaría plantexar que este esforzo, que tan

orixinalmente realizouse para as organizacións locais, poida ser continuado en próximas convocatorias comunitarias coa fin de ampliar a experiencia máis alá dos escasos Concellos implicados, pero que ademáis sirva para estender este tipo de prácticas cooperativas ao resto das organizacións públicas que están destinadas a entenderse en cada un dos programas comunitarios que se poñen en marcha na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Unha vez máis a Comunidade de Traballo ten un papel de liderato indiscutíbel que debe asumir para o afondamento nas relacións e a xestión intergubernamental transfronteiriça.

3.4. Ten Lugar a Gobernanza na Eurorrexión a través da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal?

Se tiveramos que responder de forma rápida e sintética á pregunta sobre a existencia da gobernanza na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, e se esta aparece de forma clara na súa estrutura organizativa e de xestión denominada, á sazón, como Comunidade de Traballo, teríamos que dicir que si, pero...

Sen desexar que pareza unha escusa, á luz das razóns que tomamos en forma de argumentos e dados ao longo deste capítulo, e pendente das conclusións que se extraerán do seguinte capítulo onde analizamos o caso do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular como estrutura de gobernanza transfronteiriça de corte local, entendemos que ao longo destes máis de quince anos de funcionamento tiveron lugar unha serie de feitos normativos, organizativos e económicos que nos conducen cara ela. Porén, mantéñense elementos que limitan esa orientación cara a gobernanza, que reducen a súa rede e limitan os seus efectos. As variables políticas, sociais e organizativas están no núcleo do problema, na mesma medida que as insuficiencias estruturais dun dos actores centrais do sistema de gobernanza, como son os Gobernos locais (Varela Álvarez, 2005: 242-255).

Observando o esquema de variábeis da gobernanza seguida nos apartados anteriores (Portugal e España: respostas, debate e posicións, métodos e formas de cooperación), e considerando todos os elementos que integran a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, poderíamos rematar dicindo que o sistema de gobernanza da Comunidade de Traballo contén unha serie de elementos comúns comunitarios e outros de carácter específico galego-portugués:

- Respostas. En relación con este primeiro punto que sitúa á gobernanza no discurso político da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, e en concreto na súa Comunidade de Traballo, podemos dicir que non nos constan mecanismos formais ou informais específicos de gobernanza (procesos estratéxicos, de participación cidadá, de debate social...), de xestión de redes en cada unha das políticas e programas que se poñen en marcha no territorio transfronteirizo. Isto non impide que poidamos nomear como “unidades de xestión de gobernanza tranfronteiriza” ás propias Comisións Territoriais de Cooperación Galicia-Norte de Portugal (Vale do Minho, Vale do Lima, Vale do Cávado e Vale do Tâmega), e mesmo ao Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular, (íntegrantes da Comunidade de Traballo). Este esquema *de facto* produce unha multiplicidade de programas sectoriais nos que conflúen actores de todo tipo e condición xurídica (territoriais, sectoriais, sociais, empresariais, universidades...), tales coma os locais de ámbito supralocal (Deputacións Provinciais e Associações de municipios) e municipal (Concellos galegos e portugueses), ademais das mencionadas Comisións Sectoriais que contan cunha intensa participación social e empresarial.
- Debate e posicións. Neste marco dinámico das Comunidades Territoriais de Cooperación e das Comisións Sectoriais é onde hai que insertar o plantexamento sobre a gobernanza dentro da Comunidade de Traballo. O feito é que ata hoxe predominou a súa *vis* técnica, o *expertise* transfronteirizo, en detrimento do seu liderato institucional; aínda que isto non foi atranco para a aparición do dinamismo xurdido arredor dos proxectos transfronteirizos

vencellados no fundamental, como sinalamos anteriormente, as Iniciativas Comunitarias e que puxeron de relevo a alta participación do terceiro sector, do empresariado e de grupos de actuación local á procura de fondos para o desenvolvemento local. Neste caso os modelos normativos e institucionais da cooperación transfronteiriza foran superados pola realidade das Iniciativas e a capacidade dos actores sociais e empresariais por poñerlles nomes; así atopamos acordos de xestión, de coordinación de proxectos e programas entre a Xunta-CCDR-N, Deputacións-Associações, Concellos grandes, medianos e pequenos de Galicia e a Região Norte, e mesmo doutras entidades supralocais que poidan aparecer nun futuro próximo coma as Áreas Metropolitanas (as *natas* de Porto e Braga e as *non natas* de Vigo e A Coruña). Temos redes de gobernanza (sen que se entendan por parte dos actores como tal) que levan funcionando máis dunha década. Blanco e Gomá (2002: 21-42) establecían dúas dimensións nas redes locais: “a súa configuración participativa horizontal, coa presenza de múltiples actores sociais, comunitarios e mercantís de base local; e a súa configuración multinivel, isto é, a articulación de espazos temáticos de *governance* nos que conflúen, baixo posible liderato local, varios niveis territoriais de goberno”; pois ben, estas dúas dimensións atopámonas na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e nas institucións que lle serven para a súa organización e xestión. Aínda poderíamos dicir máis, os mesmos autores amosan tres riscos destacados nas redes horizontais: “A non-existencia dun centro xerárquico capaz de fixar procesos de goberno de forma monopolista... A interdependencia [entre actores]... Unha certa institucionalización [a través de interaccións rutinizadas]”, que falan da consolidación do goberno en rede propia da gobernanza. Todo isto a pesares das limitacións que teñen os actores locais en Galicia e Portugal para resultar estratéxicos nos programas comunitarios (*efecto periferia*), e as dificultades propias de entidades territoriais asimétricas que deben manter o interese por concentrar os esforzos de negociación e xestión dos fondos e Iniciativas Comunitarias no espazo noroeste da Península Ibérica fronte aos

seus respectivos gobernos centrais (Madrid e Lisboa). Na actualidade vemos como o escenario comeza a mudar froito da presión da redución dos fondos comunitarios (ampliación e redución das zonas Objetivo 1) o que provoca un cambio de estratexia á que teñen que estar atentos os actores eurorrexionais, transitando das accións transfronteirizas ás transnacionais para o período 2007-2013. A necesidade de ampliar os *parteners* xa non está soamente no ámbito da veciñanza, da proximidade, agora atopamos lóxicas interrexionais e transnacionais que dan maior valor aos concursantes ás Iniciativas Comunitarias. Por outro lado, a presión da gobernanza no noso entorno e cada día maior en forma de procesos de bo goberno, de ética pública, de transparencia, de cooperación (horizontal-vertical, multinivel en definitiva), diálogo territorial, participación social, partenariado público-privado. Esta lóxica lévanos a trasladar tal presión ao ámbito eurorrexional, á Comunidade de Traballo ante a necesidade de que incorpore a novos actores, que se abra a novos colectivos sociais e empresariais, universidades, fundacións, entidades metropolitanas que aproveite as canles tradicionais e os propios do *e-Gobierno* para ampliar os seus espazos de comunicación social e rendición de contas.

- Métodos e formas de cooperación. Existe unha ampla variedade de actuacións sectoriais (areas de políticas públicas) nas que se move a gobernanza transfronteiriza a través das *policy networks* e con base en Fondos e Iniciativas Comunitarias: EQUAL, LEADER PLUS, URBAN, ademáis de todos os programas complementarios de ámbito rexional coma o proveniente de AGADER. Neles vemos reflexados exemplos prácticos de como se produce esta gobernanza transfronteiriza, pero é novamente cara a INTERREG onde nos gustaría exemplificar este dinamismo, heterogeneidade e cooperación público-privada. Por citar algunhas experiencias destacadas, amosamos nos cadros que figuran a continuación os proxectos finalizados ou a piques de rematar para o período 2000-2006 relacionados coa Iniciativa Comunitaria

ria INTERREG III¹⁵, onde atopamos programas de formación profesional, de base tecnolóxica (SIG), de mobilidade, de inserción laboral, como non de infraestruturas, culturais, drogodependencias, sociosanitarios, de saneamiento e desenvolvemento sostíbel. A estes habería que engadir os novos marcos xurídicos comunitarios da cooperación transfronteiriza, interrexional e transnacional, con forma de Mancomunidades, Consorcios, AECT...

15 Desexamos agradecer a axuda prestada, a modo de información, para a elaboración destas conclusións a D. José Manuel Blanco, D. Manuel Antonio Cao e Dña. María Soaje, técnicos da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia.

Cuadros de Proyectos de las Comisiones Sectoriales en la Convocatoria INTERREG 2000-2006 (1)



C.S. ENSINO, FORMACIÓN E EMPREGO

PROXECTOS

QPET - Promoción da formación/cualificación profesional e cultural con vista ó desenvolvemento transfronteiriza.

ORENSE / ALTO TAMEGA Y VINHAIS / SP1.E40/02 Mellora da permeabilidade transfronteiriza entre o sur de Ourense e o Alto Tâmega e Vinhais.

FPTRANS - Formación Profesional Transfronteiriza para Desempregados de Galicia-R.N. de Portugal.

FORIET / SP1.E210/03 Formación para o impulso do emprego transfronteiriza.

CONCECTARE - Desenvolvemento transfronteiriza nunha perspectiva de calidade educativa.

C.S. DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

PROXECTOS

SERBATEC, Rede Transfronteiriza de recursos e servizos de base tecnolóxica.

NATURPAS, Novos Materiais con base en recursos naturais da eurorrexión: aplicacións na industria.

MR INOVAÇÃO - Mobilizar a rexión para a innovación.

G-NP-FCR - Consolidación e Desenvolvemento do Fondo de Capital Risco Galicia - Norte de Portugal.

CR 2004-2006 - Ampliación do fondo de capital risco G-NP.

COOPNAV - Enxeñería e Plataforma cooperativa e de servizos para o sector naval - Galicia e Norte de Portugal.

CIC-COMMERCE - Canal de Información e Comunicación de Datos para o Comercio Tradicional.

CECOTRAN - Centro Empresarial de Cooperación Transfronteiriza.

C.S. INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E UNIVERSIDADES PROXECTOS

TORGA.net - Trans Port-Galicia Network.

CEER - Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal.

C.S. INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTE PROXECTOS

RED MIÑO III / SP1.E158/03 Rede viaria transfronteiriza do río Miño III

RED MIÑO II / SP1.E41/02

RED MIÑO- Acondicionamento da Rede Viaria Transfronteiriza do Río Miño I Fase

PONTEVEDRA-LIMA-CÁVADO- Mellora da Permeabilidade Transfronteiriza entre o sur de Pontevedra - Lima/ Cávado

PETRALTÁVO / SP1.P125/03 Mellora da permeabilidade transfronteiriza entre o Alto Támega, Vinhais e Ourense

PERMITRANS- Permeabilidade Transfronteiriza Támega

ACCESS II / SP1.P126/03 - Accesibilidades II

ACCESS / SP1.P51/02 Accesibilidades

C.S. ADMINISTRACIÓN REGIONAL Y LOCAL PROXECTOS

IRIS/SEI/SOFIA- Itinerarios rurais de inserción sociolaboral

GAMITE- Galicia e Minho a través da Telemedicina

E-QUALITAS- Implantación de instrumentos de calidade e novas tecnoloxías na administración local

COFROEM/SP1.E42/02

CICLGAT- Ciclo Internacional Conferencias Luso-Galegas sobre Administración Territorial

CASTAÑA

Cuadros de Proyectos de las Comisiones Sectoriales en la Convocatoria INTERREG 2000-2006 (2)



C.S. DESENVOLVEMENTO LOCAL PROXECTOS

SIGN - Sistema Información Xeográfica para o territorio rural Galicia-R.N.Portugal

RURALIS / SP1.P166 Centro de Promoción e Dinamización Rural

RED TURISMO CULTURAL-T Desenvolvemento tecnolóxico da Rede Galaico-Portuguesa dos Centros de Interpretación Museística

CTC TÁMEGA- Comunidade Territorial de Cooperación do Val do Tâmega

C.S. AGRICULTURA, MEDIO AMBIENTE, Y RECURSOS NATURALES PROXECTOS

UTILMONTE, Definición de criterios para valorización e optimización da utilización comercial de recursos naturais agro-alimentarios obtidos nas condicións e sistemas de produción da zona transfronteiriza do Alto-Minho / Baixa-Limia

TRANS-BIOCOMB, Proxecto de produción ibérica transfronteiriza de biocombustibles

TAMEGA/DECOVABAH, Despolución, conservación e valorización da Bacia Hidrográfica do Val do Tâmega

SIST-AESG-GAL/CAVADO, Sistemas de redes de augas e esgotos Galicia-Cávado

SIMBIOSE, Fusión de competencias formativas transfronteirizas na habilitación de profesionais do sector agroalimentario

SIGN- Sistema Información Xeográfica para o territorio rural Galicia-R.N.Portugal

SIGN II / SP1.E197/03 Infraestrutura de datos espaciales para o territorio rural de Galicia-Norte Portugal

REVIAG, Creación de redes de vixilancia e prevención agrícola como medio de axuda da posta en marcha da produción integrada

